Hai máis dun ano este mesmo grupo socialista preguntaba ao conselleiro de Cultura a súa valoración sobre este proxecto, atopando por resposta un “non é tal a afectación que se denuncia” cando a realidade é que a propia Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia emitira dous informes previos desfavorables sobre esta acción.



Fronte a esta obra innecesaria que supón un grave atentado ao patrimonio cultural e natural, no seu día interpuxéranse denuncias que están a ser investigadas pola Fiscalía. Mais nin o feito de que o proceso da obra na estrada estea xudicializado nin que San Pedro de Rocas e a súa contorna teñan a máxima protección parecen ser razóns de peso para frear o comezo dos traballos, que ten como data límite o 8 de marzo, xusto dous días antes de que se celebre o xuízo.

É de agardar que a Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Patrimonio, á que lle corresponde coordinar as actuacións en materia de patrimonio artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico en todas as súas manifestacións, se implique con urxencia neste proxecto poñendo todos os medios ao seu alcance para que, no marco das súas competencias, paralice de inmediato esta actuación a todas luces innecesaria que afecta a un patrimonio cultural excepcional e de valor incalculable.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia que a Deputación de Ourense comece de maneira inminente as obras de ampliación da OU-509 Esgos-Luintra no complexo rupestre de San Pedro de Esgos antes de que se celebre o xuízo, sabendo que as súas consecuencias logo serán irreversibles?

2ª) Que variou entre os dous primeiros informes denegatorios da obra realizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o terceiro favorable?

3ª) Pensa o Goberno galego que as obras previstas de ampliación da estrada non suporán ningún tipo de afectación ao patrimonio cultural e natural de San Pedro de Rocas?

4ª) No caso de que o Goberno galego aprobe esta actuación, que medidas tomou ou vai tomar para garantir que non vai existir ningún tipo de afectación ao patrimonio de San Pedro de Rocas e a súa contorna?

5ª) Realizou a Xunta de Galicia algunha xestión para paralizar o comezo das obras?

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 04/03/2022 13:53:36

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/03/2022 13:53:52

Noelia Otero Lago na data 04/03/2022 13:54:04



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Durante os últimos anos en Galicia non só sufrimos as inclemencias meteorolóxicas, con temporais nas estacións de outono e inverno que producen danos no patrimonio público e privado, senón que estas veñen acompañadas de interrupcións eléctricas que se prolongan nalgúns casos 12, 24 e ata 48 horas, incidindo directamente na calidade de vida das persoas e tamén na actividade das empresas.

Durante o 2017 e o 2018 tivemos que sufrir estes problemas e como dicíamos nas preguntas que presentou o noso grupo a principios do 2020, tivemos unha serie de temporais que provocaron importantes cortes de luz en toda Galicia, con especial incidencia nas provincias de Ourense e a Coruña, os temporais non son algo que poidamos controlar pero si que se poden minimizar os efectos destes temporais cando as empresas subministradoras de enerxía cumpren coas súas obrigas, evitando deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, efectuando en continuo os traballos de mantemento das liñas eléctricas e atendendo con preza os problemas técnicos que poidan xurdir.

Na parroquia de Suevos en Arteixo levan meses sufrindo o mal estado desta infraestrutura e a situación pasou de afectar aos días de inclemencias no tempo a fallar continuamente aínda que a situación meteorolóxica non fose extrema con continuas interrupcións do subministro eléctrico, que prexudican á cidadanía e ás empresas situadas no entorno.

Segundo o propio Ministerio de Industria, este subministro en Galicia atópase en peor situación do que se atopaba hai 5 anos e en 2018 producírase un 48 % máis de apagamentos, con especial incidencia no noso medio rural, onde se producen catro veces máis apagamentos que no ámbito urbano, medido cos índices de número de interrupcións e tempos de interrupcións, un 1,61 do rural fronte a un 0,41 nas zonas urbanas.

As empresas subministradoras de enerxía deben cumprir coas súas obrigas, evitando deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, polo que deben efectuar



de xeito continuo os traballos de mantemento das liñas eléctricas e atendendo con rapidez os problemas técnicos que poidan xurdir.

A empresa subministradora de enerxía é NATURGY, principal operadora en Galicia, unha empresa que lle leva sacado moito rendemento aos nosos recursos naturais, que levou a cabo o peche da central térmica de Meirama e que deslocalizou o servizo de atención telefónica fóra de Galicia, unha deslocalización que por certo sufrimos todos na propia atención que recibimos e o mínimo esixible por parte da Administración é que a dita empresa teña corresponsabilidade co país despois do beneficio que leva obtido dos recursos naturais da nosa terra, uns recursos que leva explotando durante moitos anos e que semella non lle importan cando toma a decisión de marchar do noso territorio.

Resulta imprescindible que dende o Goberno da Xunta de Galicia, fagan un esforzo por levar a cabo un bo traballo de inspección sobre o estado no que se atopa a infraestrutura eléctrica en Suevos (Arteixo), esixíndolle ao operador unha correcta conservación e as melloras necesarias para as ditas instalacións. Só fai falla saír á rúa para observar como se atopa a nosa rede eléctrica, cuns tendidos máis propios do século pasado ca do presente e cunha falla de limpeza da súa contorna que afecta directamente ao incremento de posibilidades de cortes eléctricos.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego a situación que está a vivir a poboación de Suevos en Arteixo cos continuos apagamentos que sofre?

2ª) Ten previsto analizar e esixir á compañía subministradora de enerxía a que garanta o subministro de enerxía eléctrica nesta parroquia?

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:





Martín Seco García na data 04/03/2022 14:10:33

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/03/2022 14:10:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade urxente de que a Xunta inicie a construción do instituto de Navia en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio vigués de Navia leva anos agardando pola construción do instituto público para este barrio. Durante estes anos a Xunta de Galiza non acadou un compromiso serio e real para facelo realidade; e iso, a pesar de que o instituto de Navia é un equipamento urxente tanto para o barrio, como para o conxunto da cidade.

O barrio de Navia conta cunha poboación de máis de quince mil habitantes, sendo o ámbito urbano coa maior poboación nova de todo o país e, consecuentemente, cunha elevada taxa de poboación en idade escolar. A falta deste equipamento público, unido á vixente zonificación escolar, obriga aos alumnos do CEIP Castelao do barrio de Navia a ter que desprazarse para cursar o ensino secundario até o instituto de Valadares, ubicado a 8 kilómetros do barrio e cunha pésima conexión viaria e de transporte público. Por outra parte, o propio instituto de Valadares sofre tamén as consecuencias da falta de prazas públicas e da masificación das aulas, ao ter que acoller alumnado do CEIP Sobreira, Igrexa, Mestres Goldar e o propio Castelao. De aí que o centro teña cubertas as prazas para o próximo ano sen opción a sacar prazas vacantes nin a aumentar o número de unidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación de falta de prazas é un problema que se reitera no conxunto da cidade e que demostra a necesidade de acometer esta dotación e abordar unha nova zonificación escolar que aposte por artellar mellor e dar prioridade á rede de centros públicos.

Este grupo parlamentar presentou xa con anterioridade varias iniciativas neste mesmo sentido e mesmo emendas nos orzamentos co fin de que se inicie de forma urxente a construción deste equipamento. Porén a resposta do grupo popular a pesar de que reconece a urxencia deste instituto en Navia é ambigua na concreción dos prazos.

A falta de dilixencia da Xunta neste asunto reflicte un escaso compromiso co impulso do instituto e unha estratexia de dilación dos prazos. Por iso, consideramos necesario que o Goberno galego se comprometa a ter rematado o centro para o vindeiro curso 2023-2024, pasando de inmediato das palabras aos feitos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Comprométese a Xunta de Galiza á posta en funcionamento do instituto de Navia para o curso 2023-2024?
- . Que prazos prevé a Consellería para a posta a licitación do proxecto, construción e posta en funcionamento do instituto de Navia?
- . Que previsión orzamentaria ten o Goberno para a destinar a esta finalidade no exercicio de 2022?

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/03/2022 18:15:26

María do Carme González Iglesias na data 04/03/2022 18:15:30

Alexandra Fernández Gómez na data 04/03/2022 18:15:39





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O terríbel suceso protagonizado polo buque galego con base en Marín ‘Vila de Pitaxo’ hai menos dun mes en Terranova trouxo consigo, de novo, moita dor e, a día de hoxe, moitas preguntas sobre o sucedido que non teñen polo de agora resposta.

Dende aquela, numerosos profesionais manifestaron publicamente a súa preocupación por esta nova traxedia marítima e, ao tempo, foron deixando sobre a mesa distintas hipóteses sobre o sucedido que serven sen dúbida para a reflexión e, sobre todo, para tratar de aportar coñecemento sobre distintas materias directamente relacionadas cos buques pesqueiros, como as condicións de traballo, os dispositivos de seguridade, as comunicación, etc.

As propias familias dos mariñeiros falecidos ou desaparecidos reclamaron recentemente nunha reunión mantida co director xeral da Mariña Mercante aclaración de distintos extremos relativos ao naufraxio, entre elas a “verificación do incumprimento de varias medidas de seguridade”.

Nesa reunión, o propio responsábel de Salvamento Marítimo afirmou, sorprendentemente, que “ni es habitual ni necesario transmitir el formato del mensaje





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de la alerta de socorro”, cando o propio Regulamento polo que se regulan as comunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois, aprobado mediante o RD 1185/2006, do 16 de outubro, establece: “5. A los efectos de este reglamento, se entiende por: a) “Alerta de socorro”: Una llamada selectiva digital, con formato de llamada de socorro, en las bandas empleadas para las comunicaciones terrenales o con formato de mensaje de socorro, en cuyo caso se retransmite por medio de estaciones espaciales. La transmisión de una alerta de socorro indica que una unidad móvil o persona está en peligro y necesita auxilio inmediato. El formato de las llamadas de socorro y los mensajes de socorro se ajustará a lo dispuesto en el Reglamento de Radiocomunicaciones y Recomendaciones del Sector de Radiocomunicaciones de la Unión Internacional de Telecomunicaciones (UIT)”.

Entre os expertos que se teñen pronunciado a este respecto, destacan a ‘Asociación de Ingenieros Radioelectrónicos (A.R.E.)’ e o ‘Grupo de Expertos no Gubernamentales del Sistema Mundial de Socorro (GMDSS)’, que veñen de dirixirse á Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM) e solicitarlle que teña en conta o seu informe na investigación do accidente do pesqueiro ‘Vila de Pitaxo’, así como levar a cabo unha recomendación ás autoridades marítimo pesqueiras sobre o necesario e estricto cumprimento do Regulamento de Comunicacións Marítimas do ano 2006.

Nese sentido, a propia CIAIM xa recomendara no ano 2005, a raíz do naufraxio do pesqueiro ‘O Bahía’, na contorna das Illas Sisargas, na Costa da Morte, a “realización dunha campaña de concienciación dirixida aos patróns de buques de pesca sobre os perigos de navegación con mar de popa ou de aleta, incidindo especialmente nos factores externos que orixinan situacións de redución da estabilidade, de aumento da escora e de acometidas de grandes ondas”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que o obxectivo de toda investigación de sinistros marítimos é tratar de evitar sinistros análogos no futuro e as distintas administracións deben ser as primeiras en tomar boa nota non só da lexislación e da súa correcta aplicación senón tamén das recomendacións dos organismos investigadores.

No mundo do mar, as comunicacións poden marcar a seguridade dun buque, a da súa carga e, o que é máis importante, a dos seus tripulantes. Malia isto, as comunicacións en xeral, protocolos, sistemas, servizos, actuacións e incluso as responsabilidades, dereitos e obrigas son unha materia da que, por distintas razón, non todos os profesionais fan un uso correcto e as propias administracións deberan poñer o máximo empeño no exercicio das súas competencias precisamente para que isto deixe de ser así.

Todo accidente marítimo leva aparelado o risco da perda de vidas humanas e, polo tanto, é razoábel, necesario e urxente que se insista ata a saciedade en lembrar as distintas normativas aos profesionais do mar.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera a Xunta de Galiza que as distintas administracións marítimas, a comezar pola autonómica, levan a cabo unha estrita vixilancia e seguimento do cumprimento das recomendacións da CIAIM?
- Téñense en conta esas recomendacións nos cursos e actividades formativas para o sector marítimo pesqueiro que leva a cabo a Xunta de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o Goberno galego que as campañas sobre seguridade no mar teñen efectividade? Cantas leva realizadas nos últimos dez anos? Ten avaliado os seus efectos entre os profesionais aos que se dirixen?

- Considera que as administracións deben insistir entre os profesionais do mar sobre o cumprimento do Regulamento de Comunicacions Marítimas do ano 2006?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 07/03/2022 10:11:04

María do Carme González Iglesias na data 07/03/2022 10:11:09

Rosana Pérez Fernández na data 07/03/2022 10:11:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de reforzar a oferta cultural en galego na infancia e mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega acaba de facer público un estudo que avalía a valoración que fai a sociedade galega a respecto da oferta cultural en Galiza.

Segundo este informe, mentres que a avaliación xeral se atopa pouco por riba do aprobado, a avaliación da oferta cultural enfocada ás persoas menores de 16 anos é a máis baixa e sitúase en 5,56 puntos.

Asemade, a oferta cultural en galego para este mesmo sector da poboación é a xulgada máis negativamente, xusto no límite do aprobado (5,01).

Entre outras conclusións que achega este estudo cómpre destacar que a sociedade galega detecta que hai importantes desequilibrios entre a oferta cultural en xeral e a oferta en galego para os nenos e nenas.

A única oferta cultural que a maioría da poboación percibe como suficiente é a oferta de libros en lingua galega.



Pola contra, a oferta do resto de produtos e servizos en galego vese como insuficiente: o cine, os contidos audiovisuais, xogos, videoxogos e espectáculos en galego, música, museos, televisión. E é precisamente nos produtos culturais de maior demanda da rapazada onde o galego presenta unha moi inferior oferta.

Unha exposición da oferta cultural deficitaria e insuficiente que aínda se acrecenta nas áreas rurais.

A poboación galega que considera insuficiente a oferta en galego bota en falta produtos e actividades como o teatro (45,4%), os xogos de mesa (36,2%), a animación e programas educativos na televisión (30,3% e 22,9%), a música infantil (24,8%), a música actual (20,7%), o cine de animación (20,4%), o cine dobrado (15,2%), as series e cine en liña (15,5 e 14,1%), os videoxogos (14,9%), os museos históricos e xacementos arqueolóxicos (11,4%), os museos científicos divulgativos (11%) e os museos de ciencias naturais (10,5%).

Os contidos culturais en galego para menores de 16 anos que a poboación de Galicia considera máis interesantes para potenciar son, por esta orde, a lectura, os xogos (tradicional, educativos...), o cine, o resto de contidos audiovisuais e o teatro.

En definitiva, todos os achados do traballo apuntan a que a escasa oferta cultural en galego para a rapazada incide nun menor consumo nesta lingua, pese a que se detecta unha demanda importante en practicamente todos os produtos analizados.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai o goberno da Xunta do informe do Consello da Cultura Galega sobre a oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora a baixa percepción da existencia de oferta de produtos culturais en lingua galega nesta franxa etarea?
- Concorde o goberno coa idea de que a menor oferta de produtos galegos culturais en galego induce a ter unha menor demanda e menor consumo deles?
- Como valora a Xunta a oferta de produtos culturais en galego para menores de 16 anos?
- Pensa o goberno que a maior oferta deste tipo de produtos sería un bo aliado para reforzar a aprendizaxe da lingua galega para alén do ámbito familiar e educativo?
- Ten elaborado algunha avaliación da súa política cultural centrada neste sector social tan importante para a construción de novos públicos consumidores de cultura?
- Que estratexia vai activar para reforzar a oferta cultural en galego para as menores de 16 anos?
- Entende o goberno do PP que, logo de 13 anos de goberno continuado, é este o balance de oferta cultural en galego para a infancia e mocidade que merece a sociedade galega?
- Entende o goberno que está a garantir o dereito no acceso á cultura das xeracións máis mozas?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/03/2022 10:41:40

Daniel Castro García na data 07/03/2022 10:41:43

Mercedes Queixas Zas na data 07/03/2022 10:41:56



Á Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Monte do Gato é unha elevación que forma parte da Rede Natura 2000 e da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha das seis recoñecidas pola Unesco en Galicia. Neste emprazamento, dúas compañías, Greenalia e Galenergy proxectan seis parques eólicos con 40 aeroxeradores e cunha potencia instalada que ronda os 200 megavatios.

A tramitación dos seis parques ten distintos prazos, polo que a deputada que asina solicita en resposta escrita a seguinte pregunta:

En que fase de tramitación está o expediente IN408A 2018/35.Greenalia, correspondente ao parque eólico Penas Boas, nos concellos de Aranga e Oza-Cesuras (A Coruña)?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2022 11:20:48



Á Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Monte do Gato é unha elevación que forma parte da Rede Natura 2000 e da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha das seis recoñecidas pola Unesco en Galicia. Neste emprazamento, dúas compañías, Greenalia e Galenergy proxectan seis parques eólicos con 40 aerogeradores e cunha potencia instalada que ronda os 200 megavatios.

A tramitación dos seis parques ten distintos prazos, polo que a deputada que asina solicita en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

En que fase de tramitación está o expediente IN408A 2019/11.Galenergy, correspondente ao parque eólico Fontella, nos concellos de Aranga e Oza-Cesuras (A Coruña)?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2022 11:20:28



Á Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Monte do Gato é unha elevación que forma parte da Rede Natura 2000 e da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha das seis recoñecidas pola Unesco en Galicia. Neste emprazamento, dúas compañías, Greenalia e Galenergy proxectan seis parques eólicos con 40 aeroxeradores e cunha potencia instalada que ronda os 200 megavatios.

A tramitación dos seis parques ten distintos prazos, polo que a deputada que asina solicita en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

En que fase de tramitación está o expediente IN408A 2017/19. Greenalia, correspondente ao Parque eólico Felga, no concello de Oza-Cesuras (A Coruña)?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2022 11:16:53



Á Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Monte do Gato é unha elevación que forma parte da Rede Natura 2000 e da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha das seis recoñecidas pola Unesco en Galicia. Neste emprazamento, dúas compañías, Greenalia e Galenergy proxectan seis parques eólicos con 40 aerogeradores e cunha potencia instalada que ronda os 200 megavatios.

A tramitación dos seis parques ten distintos prazos, polo que a deputada que asina solicita en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

En que fase de tramitación está o expediente IN408A 2019/09.Galenergy, correspondente ao parque eólico Feás, nos concellos de Aranga e Coirós?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2022 11:17:41



Á Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Monte do Gato é unha elevación que forma parte da Rede Natura 2000 e da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha das seis recoñecidas pola Unesco en Galicia. Neste emprazamento, dúas compañías, Greenalia e Galenergy proxectan seis parques eólicos con 40 aerogeradores e cunha potencia instalada que ronda os 200 megavatios.

A tramitación dos seis parques ten distintos prazos, polo que a deputada que asina solicita en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

En que fase de tramitación está o expediente IN408A 2020/10. Galenergy, correspondente ao Parque eólico Seselle, no concello de Oza-Cesuras (A Coruña)?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2022 11:17:12



Á Mesa do Parlamento

Begoña Rodríguez Rumbo, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Monte do Gato é unha elevación que forma parte da Rede Natura 2000 e da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha das seis recoñecidas pola Unesco en Galicia. Neste emprazamento, dúas compañías, Greenalia e Galenergy proxectan seis parques eólicos con 40 aerogeradores e cunha potencia instalada que ronda os 200 megavatios.

A tramitación dos seis parques ten distintos prazos, polo que a deputada que asina solicita en resposta escrita a seguinte pregunta:

En que fase de tramitación está o expediente IN408A 2017/04. Greenalia correspondente ao Parque eólico Gato, nos concellos de Oza-Cesuras e Aranga?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2022 11:28:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a valoración do AGADIC do resultado das subvencións para a programación musical en salas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega Das Industrias Culturais estableceu durante o ano 2021 diversas subvencións para distintos sectores culturais. Entre elas atópanse as subvencións outorgadas para o desenvolvemento de proxectos de programación musical en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 2021.

Na relación de persoas beneficiarias desta axuda pódese observar que son numerosas as salas de festas e discotecas ás que lles foi concedida unha axuda de 20.000€. Son varios os casos, deste tipo de beneficiarias, nas que resulta imposible a través da súa programación pública verificar o cumprimento dos criterios establecidos na convocatoria das axudas: Incluir unha programación mínima de 15 concertos, cun 70 % mínimo de grupos galegos, e cun orzamento mínimo do proxecto de 20.000 euros; e desenvolverse integramente en Galicia nas datas comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de outubro de 2021.



De feito, danse varias situacións nas que para alén da posible actuación do dj residente parece complicado verificar que existiu unha programación de, cando menos, 10 actuacións de grupos galegos.

De aí que no propio sector xurdan dúbidas acerca de dúas cuestións. Primeiro, a fiscalización que fai a Xunta para garantir o cumprimento das bases e, segundo, a valoración que fai a Xunta sobre o resultado final das actuacións subvencionadas e se considera que serviu para potenciar aos creadores e creadoras galegos.

Dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos que os actuais criterios para outorgar as subvencións non reflicten un dos obxectivos fundamentais do AGADIC como é o de “fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores”. É por iso que consideramos que o AGADIC ten que reformular as bases destas subvencións para lograr que sexan un coadxuvante na consecución destes obxectivos..

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. O AGADIC pode garantir que se cumpriron por parte de todas as salas as bases establecidas nas axudas?

. O AGADIC pode garantir que se programaron ao abeiro deste programa un 70% de creadores galegos por parte de todos os beneficiarios?

. O AGADIC considera a actuación de dj residentes como evento subvencionable dentro destas axudas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Que valoración fai da calidade dos eventos programados con esta subvención?
- . Considera o AGADIC modificar as bases para mellorar os criterios de selección das actuacións subvencionables?
- . A Xunta de Galiza consensuou co sector os criterios que se establecen para as actuacións subvencionables?
- . Ten pensado o AGADIC negociar co sector as bases das subvencións para o próximo exercicio?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Mercedes Queixas Zas
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/03/2022 12:08:37

Alexandra Fernández Gómez na data 07/03/2022 12:08:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López e da deputada **Carme González Iglesias**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a adopción de medidas urxentes no sector galego da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da automoción é un dos sectores de actividade máis relevantes da economía galega, tanto por volume de negocio como por volume de emprego.

Un sector afectado nun primeiro momento polos efectos da pandemia propiamente, derivados da redución da mobilidade e do peche dos establecementos de venda de vehículos, moi afectado tamén por aqueles outros cambios que a pandemia acelerou, como a transición enerxética, e que ademais está véndose tamén moi afectado pola problemática sobrevinda da crise de abastecemento de diferentes compoñentes, algúns deles críticos.

Estas problemáticas están tendo en todos os casos efectos sobre o emprego, que unhas veces se concretan a través de ERTes, outras a través da modificación da xornada de traballo facendo un uso desmedido e fraudulento da parcialidade na contratación, e outras veces a través de duros axustes de emprego do persoal eventual, coma sempre o máis vulnerábel.

En todos os casos estas medidas son agresivas pois afectan a cuestións esenciais do contrato de traballo e da vida do persoal, como son as retribucións e o tempo de traballo, ou, directamente, a perda do posto de traballo. E tamén son conflictivas, todas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

elas, mesmo aquelas que se executan contando co acordo do persoal afectado que se atopa moitas veces entre a espada e a parede (“lo tomas o lo deixas”), ou da súa representación. Entre outras razóns, por causa da reforma laboral aprobada no seu día polo Partido Popular e que o actual goberno mantén en vigor.

Desde o BNG vimos demandando unha outra política industrial por parte da Xunta de Galiza, que planifique e fixe obxectivos a longo prazo, para consolidar a actividade industrial e o emprego, e vimos realizando propostas concretas, coherentes con eses obxectivos a longo prazo, e coherentes cos novos modelos produtivos e de mobilidade.

Nos últimos días vimos observando nos medios de comunicación unha controversia entre o presidente de STELLANTIS e representantes do goberno do estado ao respecto da aplicación do PERTE para o sector da automoción. Controversia que “parece coincidir” no tempo con graves medidas de redución ou paralización da produción e do emprego na factoría de STELLANTIS e polo tanto en multitude das súas empresas provedoras.

Neste contexto de grave crise nun dos poucos sectores industriais da Galiza que aínda non acenderan a luz de alarma, o actual presidente da Xunta atópase en situación de provisionalidade e máis preocupado por consolidar o seu futuro no Partido Popular que por exercer de goberno galego, limitando a súa intervención no asunto a un aliñamento cómodo e acrítico co presidente de STELLANTIS, o que ademais resulta ser tamén o máis funcional na súa estratexia de oposición ao goberno do estado, mais, iso si, sen propostas construtivas, sen alternativas propias que poidan consolidar a actividade e o emprego dun sector tan importante para Galiza como o da automoción.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Ten constancia a Xunta de Galiza do número de persoas do sector galego da automoción afectadas por ERTes desde o comezo da pandemia? E do número de días que estiveron afectadas? E do detrimento retributivo que isto significou? Cantas destas persoas foron beneficiarias de algún tipo de axuda da Xunta de Galiza?

2. Ten coñecimento a Xunta de Galiza da evolución do número de persoas empregadas no sector desde o comezo da pandemia? Coñece a Xunta de Galiza o tipo de contratos realizados?

3. Que volume de contratos eventuais existe ou se realizou no sector desde o comezo da pandemia? Cal é porcentaxe de contratos parciais que existe no sector? Que valoración fai a Xunta de Galiza como autoridade laboral sobre a legalidade de esta tipoloxía de contratos e do seu volume relativo sobre o total no sector?

4. Que opina a Xunta de Galiza do feito de que moitas persoas con contrato a tempo parcial realicen en realidade xornadas de traballo a tempo completo?

5. Que opina a Xunta de Galiza sobre o incumprimento por parte de certas empresas do sector de sentenzas xudiciais sobre os días de preaviso para executar os ERTes?

6. Como valora a Xunta de Galiza a xornada anual de traballo no sector galego da automoción en comparación coa que realizan en países da nosa contorna como Italia, Franza ou Alemaña?

7. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre as causas alegadas polas empresas do sector para xustificar os ERTes? Como valora a Xunta de Galiza que as veces estas negociacións coincidan co anuncio de deslocalizacións de parte da produción?

8. Como valora a Xunta de Galiza que STELLANTIS non contemple Galiza como posibilidade para a instalación dun fábrica de baterías?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

9. Que plan ten a Xunta de Galiza para garantir no noso territorio unha fábrica de baterías? Ou é que a Xunta de Galiza non o considera un obxectivo estratéxico ou importante?

10. Que opina a Xunta de Galiza da posibilidade de promover a instalación na Galiza de algún outro gran fabricante que poida aliviar a dependencia actual dun único gran fabricante? Fixo algunha vez algunha xestión ao respecto?

11. Que estimacións manexa a Xunta de Galiza sobre o impacto que a transición enerxética e tecnolóxica pode ter no emprego no sector da automoción na Galiza? Ten pensado facer algo para evitalo?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 07/03/2022 18:20:03

Daniel Pérez López na data 07/03/2022 18:20:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 07/03/2022 18:20:14



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Segundo o Observatorio da Vivenda, Galicia é a Comunidade Autónoma do Estado con menos vivenda protexida en relación á vivenda construída (9,7 %). No período 2011-2019, sobre un total de 31.132 vivendas construídas só 3.023 eran vivendas protexidas

No período 2005-2009, o número de vivenda protexida multiplicaba por seis a porcentaxe actual (2.640 vivendas/ano)

En paralelo, o número de vivendas en alugueiro en Galicia é insuficiente para atender a demanda.

Segundo datos da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, a finais do ano 2020, existían en Galicia sobre 330.000 vivendas baleiras. E segundo datos oficiais hai 172.000 vivendas con carácter de alugueiro, o que supón un 10,70 % da totalidade do parque de vivenda galega composta por 1.606.000 inmobles.

No conxunto do Estado a porcentaxe de alugueiro acadou un pico máximo do 25 % , namentres que as cifras medias de alugueiro en Europa roldan o 30 %.

Polo que atinxe o aluguer social, a oferta en Galicia é moi reducida. Na nosa Comunidade o parque público de vivenda apenas chega o 1 %. A demanda, en cambio, tense decantado notablemente polo aluguer social nos últimos anos en comparación coa venda.

Segundo datos do Rexistro Único de Demandantes de Galicia, a 3 de marzo de 2022, había 7.552 demandantes de vivenda en alugueiro en vivendas de protección oficial de promoción pública, fronte a 1.064 demandantes que optaban pola compra. É dicir, máis do 86 % opta polo alugueiro.

Estamos diante dunha nova situación que se agudizou nos últimos anos.

O Ante-proxecto de lei polo dereito á vivenda, actualmente en tramitación, e do cal xa a Xunta de Galicia amosou a súa intención de confrontar novamente co



Goberno do Estado, e recorrela diante do Tribunal Constitucional, fai unha aposta clara polos parques públicos de vivenda que se nutrirán esencialmente de desenvolvementos urbanísticos e edificatorios en solos de titularidade pública.

Na súa disposición final cuarta, faise unha modificación do Texto Refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobada por Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, ao modificar a letra b) do apartado 1 do artigo 20, no senso de que se reserve unha parte do solo a vivenda suxeita a un réxime de protección pública, que permita establecer así mesmo un prezo máximo en venda ou aluguer.

E é que aquí unha das cuestións que estimamos relevantes para resolver parcialmente a problemática da vivenda, tamén en Galicia: a necesidade de que a lexislación sobre ordenación territorial e a lexislación urbanística, de acordo cos instrumentos de ordenación, garanta reserva de solo para edificabilidade de vivenda de promoción pública, para dedicala á venda, pero tamén para aluguer social.

Moitas administracións públicas, especialmente a Xunta, tamén os concellos, son propietarios de solos para a construción de vivendas protexidas. A actual Lei vixente non impide que se poidan vender estes solos.

En consecuencia, o que si poden facer as administracións é vender eses terreos cualificados para vivendas de protección pública a promotores privados. E estes últimos, no canto de destinalas a alugueiro e atender a demanda social, destinan as vivendas construídas á venda.

De aí entendemos que é necesario incidir na política do solo. É necesario actuar no ámbito do urbanismo para impulsar as vivendas dedicadas a aluguer social.

É imprescindible modificar a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, xa que cando se elaborou non se contemplou a problemática da demanda de aluguer social que existe na actualidade.

A Lei 2/2016 de solo de Galicia, no seu artigo 42.9 establece que *“Los planes generales deberán prever unas reservas de suelo para la vivienda sujeta a algún régimen de protección pública que, como mínimo, comprenderán los terrenos necesarios para realizar el 30 % de la edificabilidad residencial prevista por la ordenación urbanística en el suelo urbanizable y en el suelo urbano no consolidado regulado en el artículo 17.b).1. Esta proporción será del 10 % en el supuesto del suelo urbano no consolidado regulado en el artículo 17.b).2.*



En el supuesto del suelo urbano no consolidado regulado en el artículo 17.b).3 no será obligatorio prever una reserva para vivienda sujeta a algún régimen de protección ...”

Non obstante, a Lei do solo de Galicia non determinou se estas vivendas suxeitas a réxime de protección pública deben ser ofertadas en propiedade ou en aluguer.

Por tanto, se se quere atender a demanda de aluguer social existente en Galicia resulta imprescindible engadir dúas esixencias ás reservas de solo de protección pública que se contemplan na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de Solo de Galicia.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego que é preciso reformar a Lei do solo de Galicia para que os instrumentos de planeamento urbanísticos establezan obrigatoriamente unha porcentaxe de reservas de solo para vivenda dedicada a alugueiro social?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/03/2022 10:11:42

Patricia Otero Rodríguez na data 08/03/2022 10:11:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a dotación cun centro de día ao Concello da Pastoriza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Pastoriza, na comarca da Terra Chá, ten 2.918 habitantes, deles 1.021 teñen máis de 64 anos.

Hai anos o Concello adquiriu un terreo para a construción dun centro de día para o que cedeu o predio á Xunta de Galiza na lexislatura 2005-2007. Desde ese momento, o terreo está en mans do Consorcio galego de Igualdade e Benestar que elaborou un proxecto para a dotación deste importante servizo social de atención ás persoas maiores.

Porén, na última década, o Goberno galego non avanzou en absoluto neste importante proxecto e a veciñanza da Pastoriza vese na obriga de desprazarse a outros concellos da contorna como Abadín, Cospeito, Meira ou A Ribeira de Piquín, para poder acceder a un centro de día.

Para o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a extensión da rede de centros de día é unha cuestión esencial na procura dun verdadeiro sistema de coidados que garanta a maior cota de benestar ás persoas maiores, unha atención profesionalizada e tamén, recursos de conciliación e corresponsabilidade social para as súas familias, cando as houber.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que a Xunta de Galiza paralizou a creación dun centro de día na Pastoriza cando conta desde hai anos cun terreo cedido para tal fin?

. Cre o Goberno galego que a veciñanza da Pastoriza non merece un servizo público de calidade como teñen outros municipios da contorna?

Santiago de Compostela, , 8 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2022 11:18:39

Iria Carreira Pazos na data 08/03/2022 11:18:44

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2022 11:18:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os servizos veterinarios da Xunta de Galiza no Concello da Pastoriza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos a Xunta de Galiza presta servizo a través dun veterinario no Concello da Pastoriza. Faino a través dos recursos correspondentes á área de Vilalba. Porén, deixou de facelo sen explicación.

De feito, o concello dirixiuse á xefatura territorial e á delegación da Xunta en Lugo para reclamar a recuperación do servizo e esixir explicacións e nin sequera recibiron resposta nin unha xuntanza o que fai pensar que se trata dunha decisión absolutamente discrecional.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Por que suprimiu a Xunta de Galiza o servizo veterinario na Pastoriza?
- . Pensa recuperalo nas condicións en que viña desenvolvéndose?
- . De ser así, cando e de que maneira?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/03/2022 11:52:05

María del Carmen Aira Díaz na data 08/03/2022 11:52:08

María González Albert na data 08/03/2022 11:52:15

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2022 11:52:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o futuro das vivendas comunitarias do Concello de Monterroso e a atención ás persoas maiores neste municipio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Monterroso ten 3.562 habitantes das que 1.171 son maiores de 64 anos. Neste senso, o municipio conta cun centro de día e unhas vivendas comunitarias de titularidade municipal.

As vivendas comunitarias, malia contar con 12 prazas, contan actualmente con apenas tres persoas usuarias e catro traballadoras logo de que foran derivadas a outros servizos, fundamentalmente residencias de maiores doutros municipios como Guntín, Castro Ribeiras de Lea e Palas de Rei, a maior parte das usuarias e usuarios.

Segundo puido saber o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego o Concello de Monterroso foi sancionado de maneira recorrente por contar con usuarias cun maior grao de dependencia do autorizado para este servizo, entre outras deficiencias.

Estas vivendas comunitarias puxéronse en funcionamento en 2014 e nos últimos meses o goberno municipal vén anunciando unha modificación no servizo que prestan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para convertelas nun fogar residencial. Anuncios que responden ás críticas veciñais e tamén de organizacións sindicais, como a CIG.

Críticas que se estenden tamén a outros servizos de atención ás persoas maiores como o centro de día e o Servizo de Axuda no Fogar. Neste último, existe un importante déficit de horas e unha grande listaxe de agarda para acceder a el.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora a Xunta de Galiza a atención das persoas maiores, e os servizos sociais nesta materia, dos que dispón a veciñanza de Monterroso?

. E, de maneira específica, como valora a situación das vivendas tuteladas?

. Solicitou o Concello de Monterroso á Xunta de Galiza algún tipo de modificación ou actuación en relación coas vivendas comunitarias?

. De ser así, cales e con que obxectivo?

. Cantas inspeccións recibiron as vivendas desde a súa posta en funcionamento? Foi aberto algún expediente sancionador? De ser así, cantos, cales, por que motivo e con que resultado?

. Cónstalle á Xunta de Galiza algunha deficiencia no funcionamento do SAF do Concello de Monterroso? Existe listaxe de agarda para acceder ao servizo? Cantas horas dispón o Concello de Monterroso para o SAF?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, , 8 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2022 12:32:09

Iria Carreira Pazos na data 08/03/2022 12:32:14

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2022 12:32:28



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O fortalecemento da atención primaria fíxose se cabe máis necesaria na situación xerada pola pandemia da covid19. Non obstante, estamos a ver que o Goberno popular da Xunta de Galicia opta na Provincia de Lugo polo peche de centros de saúde ou pola non cobertura de baixas dos profesionais sanitarios da atención primaria, así como pola redución do orzamento para a Atención Primaria nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2022 presentados nesta cámara.

O concello de Negueira de Muñiz, cunha poboación altamente envellecida está a sufrir nos últimos tempos os drásticos recortes na atención primaria perpetrados pola Xunta de Galicia, e levan xa máis dunha semana sen médico no seu centro de saúde.

E a situación en vez de mellorar vai camiño de se perpetuar no tempo, xa que a finais da semana pasado o Sergas confirmáballe ao alcalde de Negueira de Muñiz, que este mesmo luns, tampouco habería facultativo para atender aos doentes.

O Centro de Saúde de Negueira de Muñiz contaba con asistencia médica os luns e xoves de cada semana, pero dende hai máis dunha semana non teñen nin médico nin enfermeiro, e o Sergas mira para outro lado sen achegar ningunha solución. Xa a situación, que como se relata máis arriba se viu agravada a semana pasada, non era boa, xa que dende que se trasladou a Lugo ao médico fixo, que asistía aos pacientes en Negueira de Muñiz, os cambios eran continuos.

Polo tanto, agora todos os pacientes están a ser atendidos no PAC de Fonsagrada cos seguintes costes económicos e inconvenientes de mobilidade para a veciñanza.



A situación que se está a dar no Centro de Saúde de Negueira de Muñiz é a mostra da calidade das políticas que impulsa a Xunta de Galicia na zona da Montaña de Lugo, que non é outra que deixar sen médico aos seus veciños e veciñas desta zona.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ante esta situación, considera o Goberno galego que a asistencia sanitaria en Atención Primaria está cuberta de maneira plena e total para a veciñanza do concello de Negueira de Muñiz?

2ª) Cando vai a Xunta de Galicia a cubrir cun médico fixo o Centro de Saúde de Negueira de Muñiz?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/03/2022 11:29:22

Julio Torrado Quintela na data 08/03/2022 11:29:34

Marina Ortega Otero na data 08/03/2022 11:29:42



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O IES Alfoz-Valadouro é o Instituto de Educación Secundaria dos concellos do mesmo nome. Trátase dun centro novo, con espazos amplos e que tamén conta con espazos libres que farían viables novas construcións de ser necesaria a ampliación do dito IES.

Os concellos de Alfoz e O Valadouro forman parte da comarca da Mariña lucense, concretamente da Mariña central, cunha situación privilexiada xa que se atopan a unha distancia de 15-20 minutos de Foz, Burela ou Mondoñedo.

O IES Alfoz-Valadouro é o único instituto da Mariña lucense que só conta con oferta de Educación Secundaria, xa que todos os demais IES teñen BAC e FP, ou como mínimo algún ciclo de FP.

A veciñanza deste concellos, as propias corporacións locais, os consellos escolares dos centros educativos: CEIP Castro de Ouro de Alfoz, CEIP Santa María de Valadouro, teñen amosado a súa preocupación porque este IES só oferte Educación Secundaria, obrigando aos rapaces e rapazas, a unha vez rematada a ESO, abandonar os seus concellos para poder continuar estudando e teñen tamén solicitado, á súa vez, que se implanten ciclos de FP no IES Alfoz-Valadouro.

Creouse un grupo de traballo integrado polos partidos políticos, as ANPA dos centros educativos e aberto á veciñanza que traballou nun documento remitido á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, na que se estudaban as distintas opcións dentro da FP, descartando aquelas xa existentes na comarca, as que tiveren pouca demanda por parte do alumnado, ou que non tivesen unha alta demanda no mercado laboral...

O dito documento remitido á Consellería contén unha serie de propostas orientativas, xa que é a propia Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que debe de estudar a viabilidade dos ciclos a implantar no IES Alfoz-Valadouro.



Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia a poñer en marcha no IES Alfoz-Valadouro ciclos de Formación Profesional, de cara a ampliar a súa oferta educativa? Se for o caso, que prazos manexa?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/03/2022 12:37:12

Noa Susana Díaz Varela na data 08/03/2022 12:37:25

Noelia Otero Lago na data 08/03/2022 12:37:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Quince anos despois da aprobación da lei de memoria histórica, aínda perviven numerosos símbolos franquistas nos espazos e nos edificios públicos. En relación con este tema, a Xunta nunca amosou ningún interese, non desenvolveu políticas públicas e cando fixo algo foi como resposta á presión social.

Un dos exemplos de mantemento de símbolos da ditadura en edificios públicos é a Audiencia Provincial de Pontevedra: o seu acceso principal está presidido por un escudo franquista. Resulta paradóxico e inaceptábel que un edificio destinado a impartir xustiza enxalce na súa fachada unha ditadura cruel, criminal e que violou sistematicamente os dereitos humanos.

Este edificio foi construído nos anos 50 do pasado século en terreos cedidos polo concello e co financiamento da Deputación Provincial. Foi inaugurado en 1956 polo ministro franquista Antonio Iturmendi Bañales, un dos creadores do Tribunal de Orde Pública.

Nos terreos onde foi construído o edificio da Audiencia estivo anteriormente o cárcere de Pontevedra, un espazo no que foron encarceradas mulleres e homes por





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

defender valores democráticos e republicanos e en xeral por non comungar coas ideas reaccionarias e criminais do franquismo.

Nesta altura, o edificio é competencia do goberno galego porque ten cedidas as competencias en materia de xustiza, entre elas as de construción, mantemento e conservación dos edificios xudiciais.

A estas alturas do século XXI, resulta incomprensíbel e inxustificábel que se imparta xustiza nun espazo onde se segue a enzalzar a Ditadura. É polo tanto urxente que se retire este símbolo, que é unha afronta permanente á memoria das vítimas e aos valores democráticos.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que previsións ten a Xunta en relación coa retirada do escudo franquista da Audiencia Provincial de Pontevedra?

. Por que a estas alturas do século XXI e quince anos despois da aprobación da lei de memoria histórica aínda non foi retirado este símbolo, que constitúe unha afronta permanente á memoria das vítimas da Ditadura e aos valores democráticos?

. Que medidas ten previsto desenvolver a Xunta, por si mesma ou en colaboración con outras institucións, para impulsar a retirada da simboloxía franquista en Galiza?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/03/2022 16:19:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/03/2022 16:19:07

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2022 16:19:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o acceso ao servizo de teleasistencia e os problemas que se están a producir na prestación do servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo trasladaron persoas usuarias e diversos concellos galegos están a producirse demoras e irregularidades no acceso das persoas usuarias de dependencia ao servizo de teleasistencia.

Neste senso, rexistráronse retrasos na súa tramitación. En primeiro lugar nos propios servizos de dependencia pois unha vez as persoas dependentes reciben a súa resolución favorábel esta demora en ser incorporada ao Programa de Asignación de Recursos (PAR).

En segundo lugar, os prazos de instalación dos equipos por parte da Cruz Vermella, entidade prestadora do servizo a través dun convenio coa Consellaría de Política Social, tamén se demoran impedindo o acceso en tempo e forma das usuarias e usuarios ao servizo de teleasistencia.

No BNG vimos denunciando de maneira reiterada a insuficiente implantación da teleasistencia en Galiza. Segundo a Memoria anual da Consellaría de Política Social correspondente ao ano 2020 (últimos datos publicados) a teleasistencia chega a 7.475





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas o ano anterior eran 8.212 persoas usuarias o que representa unha redución de 737 persoas cando a tendencia debera ser crecente.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do despregamento do servizo de teleasistencia?

. Cantas persoas hai en lista de agarda para acceder a este servizo?

. É consciente a Xunta de Galiza das deficiencias e demoras que se están a producir neste servizo?

. Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir o dereito de acceso, en tempo e forma, a este servizo así como a extensión da teleasistencia para dar maior cobertura?

. Cre a Xunta de Galiza que está a funcionar correctamente a prestación do servizo de teleasistencia a través da Cruz Vermella?

Santiago de Compostela, , 8 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2022 17:25:10

Iria Carreira Pazos na data 08/03/2022 17:25:13

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2022 17:25:22



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación co centro de tecnificación deportiva de Pontevedra, a deputada que asina, solicita en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

En que fase da tramitación se atopa a concesión do dito centro xeral de tecnificación deportiva?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/03/2022 19:23:42



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Informe do Estado da Pobreza en Galicia 2021, da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN. Galicia), pon de manifesto que as dificultades de acceso a vivenda están a agravar as carencias materiais severas.

Segundo este informe a porcentaxe de persoas con carencias materiais severas en Galicia afecta a 253.000 galegos e galegas, pasando do 3,6 % de 2019 a 5,25 de 2020 e con especial afectación ás mulleres, onde se pasa do 3,6 % o 5,7 %, fronte aos homes, do 3,7 % ao 4,6 %. Os indicadores amosan que a pobreza se está feminizando.

Os datos reflicten claramente que hai un empeoramento preocupante das dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, en especial para a poboación máis vulnerable, actuando os gastos ligados a vivenda (alugueiro, gastos de luz, gas, auga ...) como un auténtico aspirador de rendas que impide acadar un auténtico proceso de inclusión social.

A porcentaxe de persoas que manteñen retrasos nos pagos dos gastos da vivenda pasou dun 5,6 % ata un 8,5 %, e dos que poden manter unha vivenda en condicións de temperatura axeitada, dun 6 % a 9,6 %.

O inicio da guerra da guerra en Ucraína, ademais de convulsionar a paz mundial, ten unha fronte económica no que a factura deixa xa un saldo de danos inmenso en forma de prezos historicamente altos, que impactan con maior medida nos fogares máis vulnerables.

Primeiro, é o prezo do gas e da luz e demais subministracións básicas que alcanzan unha factura nunca vista. Nestes días o recibo da luz disparouse un 100 % con respecto ás datas previas o conflito bélico e un 700 % respecto de hai un ano.

Segundo, temos a inflación disparada, en niveis do ano 1989 (7,4 %) e que vai ir a máis porque na súa cuantificación aínda non se recolle plenamente a subida da luz nin a subida del prezo dos cereais tamén a niveis máximos.



E neste contexto, os alugueiros nas cidades galegas incrementáronse un 25 % respecto do ano 2016 e a máis da metade dos fogares galegos lle costa pagar o alugueiro. O importe medio do alugueiro en Galicia situábase no ano 2020 en 442,9 euros.

En Galicia, máis do 20 % dos fogares son en réxime de arrendamento.

Segundo a Enquisa Estrutural dos Fogares de Galicia relativa o ano 2020, había en Galicia 158.335 familias vivindo en réxime de alugueiro, un 28 % máis ca no ano 2010. Segundo a enquisa, para 85.600 fogares en réxime de alugueiro, o pago da renda é unha carga pesada. A 70.200 fogares, cóstalles pagar e tan só ao 1,6 % lles resulta indiferente o pago dos gastos de aluguer.

En Galicia, no ano 2020, segundo a Enquisa había 47.600 fogares que ingresaban menos de 600 euros o mes, dos cales un 25,6 % pagaban un alugueiro. Así mesmo un 19,2 % dos fogares que tiñan rendas de 600 a 1.000 euros, residían de alugueiro.

Resulta evidente que neste momento de inestabilidade, medo e inseguridade, a cidadanía galega, especialmente a máis desfavorecida e con máis dificultade para manter os gastos imprescindibles para garantir o acceso a unha vivenda digna, necesita certezas e achegas excepcionais que se poden e deben adoptar por parte da Xunta de Galicia.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

En atención a actual conxuntura de incremento abusivo, debido á guerra de Ucraína, dos prezos da luz e gas, así como do incremento dos prezos do alugueiro en Galicia, que medidas excepcionais vai adoptar a Xunta de Galicia para permitir que os galegos e galegas, especialmente os fogares máis vulnerables, poidan atender os gastos mínimos vinculados á vivenda?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 09/03/2022 10:52:36





Patricia Otero Rodríguez na data 09/03/2022 10:52:48



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

Un total de doce Bens de Interese Cultural (BIC) situados en Galicia repartiranse 27 millóns de euros de fondos Next Generation a través do Plan Nacional Xacobeo do Goberno de España para desenvolver actuacións de mellora dende o punto de vista turístico.

Así o informou o vicepresidente segundo do Goberno galego, tras a reunión do Consello da Xunta, do pasado 24 de febreiro.

Galicia recibe do Goberno central case o 40 % dos 65 millóns de euros convocados para todo o Estado para a realización de accións con perspectiva turística en Bens de Interese Cultural (BIC) situados en zonas do Camiño de Santiago.

Así, a Comunidade galega leva cos seus proxectos 27 millóns dos 65 millóns, que se destinarán a actuacións de sustentabilidade, accesibilidade, eficiencia enerxética ou dixitalización que deberán executarse este ano 2022 e nos dous próximos exercicios.

Con 16,9 millóns, a fortaleza de Monterrei (Ourense) concentra máis do 60 % do importe total dos doce proxectos seleccionados, entre os que se atopa o parque do Pasatempo en Betanzos (A Coruña) -1,8 millóns-, as Illas Ons (Pontevedra) -1,69 millóns-, a Ribeira Sacra -1,69 millóns- ou as marxes do río Lérez (Pontevedra) desde As Xunqueiras ata Aceñas -1,21 millóns- -.

Tamén foron seleccionados a Torre de Hércules -1,2 millóns-, o arquipélago de Sálvora -968.000 euros-, a Casa Museo Valle Inclán de Vilanova de Arousa - 522.000 euros-, o Cárcere Vello de Tui -484.000 euros.-, as Torres do Oeste de Catoira -363.000 euros-, o conxunto histórico de Mondoñedo -330.000 euros- e o castelo de Santa Cruz de A Guarda -242.000 euros-.



Dos proxectos presentados pola Xunta de Galicia a esta convocatoria aparecen Ons e Sálvora, que xunto coas Illas Cíes e Cortegada conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

As Illas Cíes recibiron 262.552 visitantes entre o 15 de maio e o 15 de setembro do 2021. Cómpre salientar o peso das Cíes no Parque Nacional que creceu máis que nunca o ano pasado, segundo os datos da propia Consellería de Medio Ambiente. Con estas cifras chama bastante a atención a ausencia da convocatoria do arquipélago das Illas Cíes situadas en Vigo.

A Xunta de Galicia debería dar explicacións da exclusión das Illas Cíes desta convocatoria, xa que estas illas son uns dos maiores reclamos turísticos da nosa comunidade autónoma. Tampouco aparece a illa de Cortegada, que tamén pertence ó Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é motivo da Xunta de Galicia para non incluír ás Illas Cíes na convocatoria para desenvolver accións con perspectiva turística en Bens de Interese Cultural (BIC) dentro do Plan Nacional Xacobeo do Goberno de España?
2. Cal é motivo da Xunta de Galicia para non incluír a Illa de Cortegada na convocatoria para desenvolver accións con perspectiva turística en Bens de Interese Cultural (BIC) dentro do Plan Nacional Xacobeo do Goberno de España?

Pazo do Parlamento, 3 de marzo do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 03/03/2022 15:27:27

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Julio Torrado Quintela na data 03/03/2022 15:27:33

Noa Susana Díaz Varela na data 03/03/2022 15:27:40

Martín Seco García na data 03/03/2022 15:27:51



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os municipios de A Guarda e Caminha levan cinco meses sen estar conectados polo río Miño. O ferri que comunicaba ambos municipios a través do Miño non está operativo desde o mes de outubro do ano pasado.

Os motivos polo que o ferri non funciona actualmente son varios. En primeiro lugar, o pantalán de A Pasaxe continúa á espera dunha reparación necesaria por parte de Portos de Galicia, xa que agora mesmo non é posible o acceso de vehículos ó transbordador. Ademais debido á falta de dragados no río Miño o ferri tería que facer rodeos para facer o traxecto entre A Guarda e Caminha.

Con esta situación, é necesario buscar unha solución a curto prazo. Debería determinarse se o ferri vai a seguir funcionando e incluso se ese é o transporte que cumpre coas expectativas que poden ter as persoas usuarias dos dous países. De non ser así teríase que traballar de forma inmediata para implantar un novo servizo de transporte de pasaxeiros entre A Guarda e Caminha.

Este problema de transporte marítimo é moi grave tendo en conta que as dúas vilas aliméntanse mutuamente a nivel económico e social. E a maiores, os peregrinos e peregrinas que realizan o Camiño Portugués pola Costa non dispoñen dun transporte regular para cruzar o río. A alternativa ao ferri que teñen os peregrinos e peregrinas é utilizar os taxi-mar, unhas embarcacións portuguesas que traballan baixo demanda cunhas tarifas que, segundo as testemuñas dos usuarios e usuarias, varían dependendo do número de persoas que transporten.

Por iso os alcaldes e alcaldesas de Baiona, A Guarda, O Rosal e Oia están reivindicando unha solución urxente a este problema. Ademais existe malestar e preocupación desde o sector da hostalería e do comercio por toda esta situación.



A avaría do peirao de A Pasaxe fai que desde agosto non se poida transitar no ferri en automóbil, só tivo servizo para pasaxeiros a pé e en bicicleta, quedando suspendido na súa totalidade no mes de outubro. Este problema afecta a toda a economía local de A Guarda xa que boa parte dos clientes do sector hostaleiro da vila proceden de Portugal e moitos deles atravesaban en ferri para evitar ter que dar a volta a Vila Nova de Cerveira e Tomiño cruzando a ponte de Goián.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado Portos de Galicia reparar de forma inmediata o pantalán de A Pasaxe, situado en Camposancos, para que poda ser accesible ós vehículos que pasan en ferri entre A Guarda e Caminha?
2. Vai Portos de Galicia a dragar o río Miño, na parte que repercute no ferri, para que o transbordador entre a vila de A Guarda e de Caminha estea operativo o antes posible e poda ser accesible ós vehículos?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/03/2022 10:44:08

Patricia Otero Rodríguez na data 09/03/2022 10:44:15

Julio Torrado Quintela na data 09/03/2022 10:44:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a mellora das infraestruturas e o incremento de medios persoais e materiais nos xulgados de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O partido xudicial de Ribeira abrangue aos concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal e Ribeira, abrangendo unha superficie de máis de 185 km² e atinxindo a unha poboación de máis de 55.085 habitantes. Poboación que nos meses estivais experimenta un considerábel incremento consecuencia da cada vez maior importancia como destino turístico. Asemade, o de Ribeira pasa por ser un dos principais portos de baixura de Europa, o que xera unha importante actividade económica e social na comarca, reflectíndose tamén nunha maior actividade xudicial que en partidos xudiciais de análoga superficie e poboación empadroada.

Actualmente o partido xudicial de Ribeira conta con tres Xulgados de Primeira Instancia e Instrución que nos últimos exercicios presenta una taxa de ingreso de asuntos superior ao modulo que, con carácter orientativo, estima o Consello Xeral do Poder Xudicial que pode soportar un xulgado.

A falla de correspondencia entre a actual planta e as necesidades do partido xudicial, evidenciado no volume de entrada de asuntos e na complexidade dos mesmos, está a provocar o constante incremento da pendencia, a pesares do extraordinario





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esfuerzo e compromiso do persoal da administración de xustiza dos xulgados de Ribeira, tanto na sección penal como na civil. O número de asuntos resoltos é, ano tras ano inferior, ao de entrada, o que incrementa o número de asuntos en tramitación ao final do exercicio.

Así por exemplo na sección civil ao remate do ano 2015 existían 803 asuntos en tramitación que pasaron a ser de 1.380 á conclusión do ano 2020.

A situación de colapso dos órganos xudiciais de Ribeira provocou que en febreiro de 2021 a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza demandase a creación dun novo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución, solicitude non atendida nin pola Xunta de Galiza, nin polo Goberno do Estado, sendo este último no que, incomprensiblemente, residen as competencias para decidir a modificación da planta xudicial en Galiza.

Dada a contumaz negativa da “autoridade competente” para a creación dunha nova unidade xudicial, resulta ineludible adoptar medidas de reforzo de persoal nos Xulgados que permita axilizar a tramitación e resolución dos numerosos asuntos pendentes, nomeadamente nos xulgados números 2 e 3 de Ribeira, este último no que residen as competencias en materia de violencia sobre a muller. Así, hai anos que dende os xulgados ribeirenses se ven solicitando a concesión de persoal de reforzo, mediante o nomeamento de persoal interino. As reivindicacións realizadas non foron atendidas por parte da Xunta de Galiza quen mantén o mesmo cadro de persoal nos xulgados núm. 2 e 3 de Ribeira dende hai anos.

Igualmente a dotación dunha sala específica para a toma de declaracións e a práctica dos cada vez máis habituais actos de auxilio xudicial permitiría aos tres xulgados existentes dispor das dúas salas actuais para a celebración de vistas o que axilizaría a resolución dos procedementos e simplificaría o funcionamentos dos



xulgados. A inexistencia desta dependencia -para o que existe espazo abondo no edificio xudicial – provoca que unha das dúas salas existentes teña que estar ao dispor do xulgado de garda e para a práctica de declaracións por exhorto o que provoca que para a celebración de vistas e audiencias os dous (ou os tres) xulgados só dispoñan dunha soa sala.

Alén da necesaria reforma de parte do mobiliario, resulta imprescindible o acondicionamento dunha sala para a agarda das denunciante de violencia sobre a muller que, actualmente, deben esperar a prestar declaración nas cadeiras existentes en medio do edificio, sen resguardo algún da súa intimidade nun momento tan crítico como é o inmediatamente posterior á presentación da denuncia. Se resulta evidente a necesidade de apoio e protección a todas as vítimas de delitos, non ofrece moita dúbida que esta e se cabe maior no caso das mulleres que denuncian a violencia exercida pola persoa coa que convívían ou mantiñan relación.

E por todo iso formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Entende a Xunta de Galiza inustificada a proposta da Comisión de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza para ampliar a planta do partido xudicial de Ribeira?

-En opinión da Xunta de Galiza cal é a razón pola que a resolución de asuntos é inferior ao número de entrada, nomeadamente na sección civil?

-Ten previsto adoptar algunha medida para reducir o cada vez máis elevado número de asuntos pendentes de resolución?

-A adopción de medidas de reforzo nos xulgados números 2 e 3 permitiría reducir a taxa de conxestión que actualmente padecen?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera que a inexistencia dunha sala específica para a toma de declaracións no xulgado de garda ou a práctica de actos de auxilio condiciona os sinalamentos para a celebración de audiencias e vistas?

-Entende a Xunta de Galiza que nos xulgados de Ribeira está suficientemente protexida a intimidade das vítimas/denunciante de violencia sobre a muller mentres agardan para prestar declaración ?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2022 11:27:00

Rosana Pérez Fernández na data 09/03/2022 11:27:04

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2022 11:27:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o número de persoas cuxos méritos non foron valorados por falta de validación da documentación resolución do 15 de febreiro do 2022 pola que se decidiu o concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Resolución do 25 de novembro de 2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por Resolución de 25 de novembro de 2019 da Dirección Xeral da Función Pública convocouse concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración Xeral da Xunta de Galiza.

Na convocatoria que contiña as normas polas que ía rexerse o concurso de traslados indicándose que tras a solicitude de participación, habería que indicar os postos aos que se pretendese acceder e validar a documentación relativa aos méritos a ter en conta, mesmo aqueles que xe estiveran en posesión da Administración Pública convocante e actuante.

Sobre o último extremo citado, os parágrafos 1 e 2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que:

1. Os interesados deberán achegar ao procedemento administrativo os datos e documentos exixidos polas administracións públicas de acordo co disposto na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativa aplicable. Así mesmo, os interesados poderán achegar calquera outro documento que consideren conveniente.

2. Os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate, sempre que o interesado expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso. En ausencia de oposición do interesado, as administracións públicas deberán obter os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto.

Previsión que ven sendo unha reprodución da xa contida no art. 35 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

Xa que logo e segundo informacións achegadas por diferentes organizacións sindicais, existiron centenas de traballadoras que non procederon á validación dos méritos alegados, sempre que estes puideran ser acreditados con documentación que xa obraba en poder da Xunta de Galiza. É dicir, non xustificaron aqueles méritos dos que xa tiña coñecemento a Administración actuante.

Non obstante, na Resolución do 13 de xullo de 2021 (DOG de 16 de xullo de 2021), da Dirección Xeral da Función Pública na que se facían públicas as puntuacións provisórias das participantes no concurso para a provisión dos postos de traballo, non valoraban os méritos que non foran previamente validados polas concursantes, malia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que correspondesen a circunstancias que xa coñecía a propia Xunta de Galiza ou que se referisen a documentos en poder da propia Administración actuante.

Non consta que, en ningún caso, se outorgase ás persoas afectadas a posibilidade de subsanar eventuais defectos ou omisións da súa propia solicitude, simplemente obviáronse os méritos alegados.

O pasado 18 de febreiro de 2022 publicouse no DOG a RESOLUCIÓN do 15 de febreiro do 2022 pola que se decidía o concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia non computándose os méritos alegados, mais que non foran validados na consideración de que a Xunta de Galiza xa dispuña da información e documentación que os xustificaba.

Xa que no logo atendendo a que existe un elevado número de persoas atinxidas, mais que propio contido da resolución publicada non se pode coñecer, así como ante a posible existencia dunha vulneración dos dereitos administrativos da cidadanía, dos que non se pode excluír as persoas que traballan ao servizo da Administración Pública, dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-No concurso ordinario para a provisión de postos de traballo na Xunta de Galiza convocado por Resolución de 25 de novembro de 2019 tivéronse en conta, en todos os casos, os méritos alegados sempre que a súa existencia se desprendese de datos ou de documentación que obrase en poder da Xunta?

-Cónstalle á Xunta de Galiza a existencia de participantes no concurso cuxos méritos non foron valorados por falta de validación de documentación que estaba en poder da propia Xunta de Galiza?

-Cal é o número de persoas nesa circunstancia?

-Concedéseulle prazo para a subsanación da falla de acreditación advertida?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-En caso negativo, cal foi a razón pola que non se lle permitiu a subsanación da referida omisión?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2022 11:32:26

Iria Carreira Pazos na data 09/03/2022 11:32:37

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2022 11:32:49



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En decembro do ano 2020, a Xunta de Galicia – a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo – asinou un convenio co Consello da Avogacía por importe de 27.000 euros destinados a sufragar un servizo de atención xurídica telefónica, en horario semanal de luns a venres, ás persoas afectadas por supostos de ocupación ilegal das súas vivendas.

Segundo datos facilitados pola Consellería de Medio Ambiente e polo propio Consello de Avogacía foron 30 as consultas efectuadas ao longo de todo o ano 2021, menos dunha consulta por semana. Do total das consultas efectuadas, segundo a resposta da Xunta “ *vinte e catro foron efectuadas por propietarios de inmobles ocupados e as seis restantes por algún veciño, avogado dos interesados, axente inmobiliario ou fundación* ”

A pesar da retórica propagandística da Xunta de Galicia, que mesmamente motivaron o encargo dun Informe *ad-hoc* a unha académica ligada ao Partido Popular por importe de 8.000 euros, segundo datos do Poder Xudicial a relevancia do fenómeno das ocupacións ilegais en Galicia é practicamente residual.

Segundo a sección de estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial, entre o 1 de abril e 30 de xuño houbo 22 demandas nos xulgados galegos por este motivo. É dicir, un 31 % menos que en 2019 -daquela foron 32- e un 18,6 % menos que o pasado ano.

Galicia é a terceira comunidade do Estado, xunto a Euskadi, con menos demandas por este tipo de situacións, 0,8 por cada 100.000 habitantes. Só Asturias e Cantabria, con 0,5, presentan unha cifra menor.

No obstante, a Xunta de Galicia ten anunciado para o ano 2022 a renovación do convenio relativo o teléfono anti-ocupacións, aínda que dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia non coñezamos en detalle os termos do novo convenio.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

A tenor dos datos facilitados polo Consello Xeral do Poder Xudicial, cales son as razóns que asisten ao Goberno galego para renovar o convenio co Consello da Avogacía para a asistencia xurídica a través do denominado teléfono anti-ocupacións?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2022





Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/03/2022 18:50:27

Patricia Otero Rodríguez na data 08/03/2022 18:50:39



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado ano o grupo parlamentario socialista rexistraba unha iniciativa na que alertaba sobre a situación de discriminación educativa que sufría o concello de Salceda de Caselas.

Un dos municipios con maior taxa de natalidade de Galicia, e que conta cun único centro de Educación Secundaria, o IES Pedras Rubias, onde so se imparten cursos de ESO, obrigando á mocidade a ter que desprazarse a outros concellos para facer Bacharelato.

Este grupo levou no mes de outubro de 2021 á Comisión unhas preguntas nas que se interpelaba ao director xeral de Educación sobre cando tiñan previsto ampliar este centro e se ían a aumentar aos estudos post-obrigatorios.

A resposta do goberno da Xunta de Galicia foi contundente, manifestou que a ampliación deste centro era unha prioridade e que de forma inminente contratarían a execución da obra de ampliación.

Por outra banda manifestou que a implantación do bacharelato eran empezar de forma progresiva co 1º curso durante o curso escolar 2022-2023 e incorporar 2º durante o curso 2023-2024.

Atopámonos no mes de marzo de 2022, co inicio do prazo das matrículas para o vindeiro e a mocidade de Salceda de Caselas non sabe si terá que desprazarse a outro municipio para cursar Bacharelato, porque a Xunta de Galicia non deu máis novas sobre a implantación.

Este traslado supón un gran agravio non só por ter que desprazarse cun transporte interurbano bastante deficiente senón porque o non estar adscritos a ningún IES, corren o risco de quedar sen praza nos centros dos concellos limítrofes.

Por outra banda, en relación ao proxecto de ampliación o goberno da Xunta de Galicia comprometeuse a telo rematado no mes de setembro de 2022, pero a día de hoxe non ten nin adxudicada a execución.



Dende o Grupo Socialista entendemos que este é un claro desleixo e falla de interese en arranxar este problema que está afectando enormemente a asistencia educativa dos menores de Salceda de Caselas, por iso presentamos esta iniciativa co fin de obrigar ao goberno da Xunta de Galicia a cumprir os seus compromisos.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia rematar no ano 2022 o proxecto de ampliación do IES Pedras Rubias?
2. Vai o goberno da Xunta de Galicia implantar o 1º curso de Bacharelato no curso escolar 2022-2023? E o 2º no curso 2023-2024?
3. Entende o goberno da Xunta de Galicia que existe no Concello de Salceda de Caselas unha deficiente oferta educativa?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/03/2022 11:56:14

Noelia Otero Lago na data 09/03/2022 11:56:22

Noa Susana Díaz Varela na data 09/03/2022 11:56:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 16 de febreiro do pasado 2021, na Comisión 2ª, foi aprobada por unanimidade, logo dunha transacción a PNC 000774 do Grupo Parlamentar do BNG sobre as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego en relación coas condicións de transporte da Barcaza de Portodemouros. O acordo acadado rezaba así:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros, situado no curso do Ulla, medio entre os concellos de Santiso, Arzúa e Vila de Cruces, cumpra coas súas obrigas a respecto das condicións que debe observa-la barcaza e as instalacións que comunican as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso), segundo o establecido nas condicións da concesión do encoro á empresa Naturgy.”

Pasado máis dun ano nada se fixo por parte da empresa concesionaria a respecto das condicións mínimas das instalacións e da barcaza polo que desde o Grupo Parlamentar do BNG formulamos ao goberno galego as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales foron as xestións feitas polo goberno para dar cumprimento ó acordo parlamentario?
- Cal foi a resposta e que compromisos manifestou a empresa concesionaria a respecto das demandas do Parlamento?
- Fixo o goberno galego algún seguimento?
- Vista a inacción da empresa concesionaria e o incumprimento reiterado das condicións da concesión, que medidas pensa toma-lo goberno galego?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Luis Bará Torres
Paulo Ríos Santomé
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 09/03/2022 12:30:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/03/2022 12:30:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2022 12:30:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza presente canto antes o anteproxecto da Lei do xogo de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe as casas de apostas seguen a ter unha grande presenza nas cidades e vilas galegas, unha realidade que por suposto continúa a provocar graves problemas na sociedade galega, incidindo dun xeito moito máis relevante na nosa mocidade.

Os graves efectos provocados pola presenza destas casas de apostas xa foron comprobados dun xeito científico, sacando graves conclusións como que a presenza das mesmas preto dos centros de estudo baixa dun xeito claro o rendemento escolar, especialmente nos barrios de clase obreira.

Alén destes efectos escolares, podemos falar tamén das graves consecuencias económicas que a presenza das casas de apostas no noso país xera nas familias galegas. A adición a apostar nestes centros, chega a provocarlle a moitas familias unha importante perda de poder adquisitivo, ademais de graves problemas familiares.

Pese a isto, o problema non remata aquí, xa que ademais da modalidade física as casas de apostas teñen tamén unha grande participación na modalidade online, da que xa temos datos moi graves como que máis de 3.000 mozos e mozas galegas e estudantes da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ESO xa apostaron diñeiro algunha vez través de Internet, destacando sobre o resto as apostas deportivas.

Fronte a esta realidade faise necesario que a Xunta de Galiza faga todos os esforzos posibles para acabar con esta lacra, algo que implica por suposto a presentación do anteproxecto da Lei do xogo de Galiza.

E por todo iso formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente a Xunta de Galiza do dano que están a facer as casas de apostas á mocidade galega.
- Cales foron as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para frear os efectos daniños da presenza das casas de apostas?
- Ten pensado a Xunta de Galiza regular dalgún xeito as apostas online?
- Cando vai presentar a Xunta de Galiza o anteproxecto da Lei do xogo de Galiza?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2022 13:17:10

Iria Carreira Pazos na data 09/03/2022 13:17:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2022 13:17:26



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Os datos relativos ó paro rexistrado que ofrecen os ministerios de Traballo e Economía Social e o de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, apuntan a un aumento do desemprego en Galicia no mes de febreiro, do 0,37 %, fronte á caída do Estado, dun 0,36 %.

Así, hai en Galicia un total de 154.509 persoas no paro.

Por idades, entre os máis mozos, menores de 25 anos, o desemprego medrou considerablemente con respecto a xaneiro, debido as contratacións estacionais do Nadal.

Por sexos, o paro cae entre os homes nun 0,39 % pero aumenta entre as mulleres nun 0,94 %, estas seguen a soportar o 57,9 % do total do desemprego en Galicia, 89.488 mulleres no paro, fronte a 65.021 homes.

En canto ós sectores de actividade, o paro aumentou nos servizos nun 0,66 %; o 2,6 % entre o colectivo de sen emprego anterior; e baixou na construción nun 2,86 %.

A contratación indefinida mellora moito cun excelente dato, un 23,13 %, unha porcentaxe que pode considerarse histórica. Hai que lembrar que xa no mes de xaneiro se rexistrara unha mellora, do 16,08 % (9,46 % en decembro) pero agora volveuse a dar un salto cuantitativo grazas á implementación progresiva das medidas que contén a reforma laboral e a tenor do manifestado por UGT se agarda que nos vindeiros meses, coa posta en marcha de medidas aínda pendentes, as cifras melloren aínda máis.

Un de cada catro dos contratos dos firmados en Galicia no mes de febreiro deste ano é indefinido e a pesares do esclarecedor dato na nota de prensa emitida pola Xunta de Galicia referente o paro rexistrado en febreiro non se fai mención algunha o respecto. Pola contra os diarios recollen titulares coma “a contratación



indefinida sobe en febreiro ata o maior nivel do século maila a lixeira subida do paro rexistrado“.

En relación ós ERTE, a media mensual en febreiro foi de 5.242 traballadores e traballadoras, dos cales 4.412 están por ERTE Covid. Se se analizan os datos do último día do mes, obsérvase que o 54,4 % son mulleres.

En relación ós ERTE, a media mensual en febreiro foi de 5.242 traballadores e traballadoras, dos cales 4.412 están por ERTE Covid. Prodúcese, polo tanto, unha subida de 63 traballadores, o que contrasta coa baixada en España de 3.307 traballadores menos respecto o mes anterior.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que a subida histórica producida no mes de febreiro de 2022 das contratacións indefinidas se debe á reforma laboral aprobada polo Goberno en acordo cos axentes sociais?
2. Analizou o Goberno galego a causa de que no mes de febreiro aumente o paro en case 600 persoas, dato que contrasta coa creación de emprego no mesmo mes no Estado?
3. Analizou a causa de que no Estado se produza unha redución de traballadoras e traballadores en ERTE e en Galicia aumente? . Que medidas van a adoptar ao respecto?
4. Que opina o Goberno galego de que o paro cae entre os homes nun 0,39 % pero aumenta entre as mulleres nun 0,94%?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/03/2022 13:18:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/03/2022 13:18:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/03/2022 13:19:00

Julio Torrado Quintela na data 09/03/2022 13:19:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2022 13:23:24
Nº Rexistro: 31937
Data envío: 09/03/2022 13:23:24.446

Marina Ortega Otero na data 09/03/2022 13:19:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-CHKWPQb08-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao futuro da autovía Lugo-Ourense e ás medidas que é posible impulsar para garantir unha adecuada conexión do Carballiño e a zona do Ribeiro con esta infraestrutura.

Desde hai décadas, Ourense e Lugo agardan a conexión por autovía, pois carecen dunha conexión directa como si teñen outras zonas. Esta infraestrutura comparte coa autovía A-54 o tramo de 23 km en servizo entre Lugo (Nadela) e Guntín. A partir de Guntín, iniciárase o trazado da autovía A-56 ata Ourense. De momento, no ano 2020 entrou en funcionamento o primeiro tramo, entre A Barreira e San Martiño. A continuación, o trazado iría aproximadamente en paralelo á N-540, obxecto de continuas reclamacións pola falta de mantemento e renovación do firme, que incrementa a súa perigosidade e vai en detrimento ademais dos tempos de percorrido e comodidade de uso.

Para alén da mellora da conexión entre as poboacións de Lugo e Ourense e da necesidade para paliar o deterioro económico e competitivo desta área, esta infraestrutura ten tamén a perspectiva de incardinarse nunha planificación máis ampla. Desta forma, contribuiría a completar un itinerario de ámbito europeo, desde o sur de Francia (Irún) até o sur de Galiza e Portugal a través do interior de Lugo e Ourense.

Para alén de reivindicar o cumprimento dos compromisos, recentemente diversas voces téñense pronunciado a favor de que o goberno central busque a fórmula para conectar a A-53 con esta infraestrutura para incrementar a conectividade e competitividade do Carballiño e da área do Ribeiro. Neste sentido, no mes de febreiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 2022 a xunta directiva da asociación da área industrial do Carballiño facía pública nos medios de comunicación esta petición. Nun sentido similar, a corporación do Carballiño aprobaba unha moción unánime para xuntar forzas cos concellos de Maside, Piñor e Cea para demandar unha conexión entre Ariz e a autovía de Ourense a Lugo, que cifran nunha lonxitude aproximada de 13 quilómetros.

Esta é unha proposta que as administracións deben valorar, ademais de seguir esixindo o cumprimento do desenvolvemento desta infraestrutura, adiada durante anos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Está a traballar o goberno galego para que se atenda a posibilidade de conectar a zona do Carballiño e contorna coa futura autovía de Ourense a Lugo?

Mantivo algunha reunión co goberno central? Desenvolveu ou vai desenvolver algún estudo propio ao respecto?

Que valoración lle merece a iniciativa, considera que sería posible e desexable algún trazado que permitirse esta cuestión e mellorarse a idea inicial?

Que valoración lle merece a evolución do trazado deste proxecto pendente entre Lugo e Ourense?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/03/2022 17:24:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2022 17:24:37

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2022 17:24:48

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2022 17:24:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o cumprimento por parte do goberno galego das súas promesas electorais no relativo ao programa REXURBE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa REXURBE é unha boa mostra dos incumprimentos da Xunta de Galiza en materia de vivenda. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda emprega habitualmente este programa como bandeira dos seus éxitos en materia de rehabilitación, mais a realidade é que cando se avalía a execución real deste programa, os resultados poden cualificarse de fracaso.

O compromiso electoral do PP na campaña electoral de 2016 foi a de rehabilitar baixo este programa máis de 1.500 vivendas e 350 locais comerciais en máis de 500 edificios. Segundo os datos da propia Consellería, esta apenas logrou adquirir 59 inmobles, dos cales tan só 9 foron rehabilitados.

No programa electoral de 2020 o PP redobrou a aposta das súas promesas, asegurando esta vez que durante a presente lexislatura acadaríanse as 3.000 vivendas rehabilitadas ao abeiro deste programa.

Os datos de execución das partidas orzamentarias vinculadas ao programa REXURBE indican un baixo grao de execución dunhas partidas xa de por si reducidas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo o ritmo de investimento actual do actual goberno galego, resulta imposible acadar os seus compromisos electorais.

Por todo isto formúlanse as seguintes pregunta para resposta escrita:

- Ten previsto a Xunta de Galiza acadar as 3.000 vivendas rehabilitadas ao abeiro do programa REXURBE na actual lexislatura?
- Cantas vivendas foron rehabilitados dende o inicio da presente lexislatura até a actualidade ao abeiro deste programa?
- Cantas vivendas ten pensado rehabilitar no ano 2022 baixo este programa?
- Cal é o motivo da baixa execución orzamentaria das partidas vinculadas a este programa?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 09/03/2022 17:51:20

Paulo Ríos Santomé na data 09/03/2022 17:51:29

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2022 17:51:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as actuacións que debe impulsar o goberno galego para mitigar o impacto na sociedade e economía galegas do medre disparado da inflación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre neste inicio de 2022 a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas que xa se viña producindo durante o 2021 e que agora se ve agravada polas consecuencias da escalada bélica na Ucraína.

Cómpre recordar que a inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. En situacións inflacionarias prodúcese unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñéceselle como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos mercar menos cousas e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A situación é de suba xeneralizada dos prezos, mais o certo é que son determinados bens os que están a subir de forma drástica. Ademais, hai un efecto en cadea e con determinados ámbitos, coma o enerxético, succédese a suba indirecta doutros bens e servizos. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. Hoxe o barril de Brent (o de referencia en Europa) cotiza máis dun 60% máis caro que hai un ano. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 17,8 € agora (un 33,83% máis cara).

Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros, os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos. Comprobámolo cada día na cesta da compra onde produtos como o aceite de oliva, encarecéronse un 30,1% no último ano). A alza de prezos tamén se notou moito en determinadas materias primas como o aceiro ou outros produtos de construción (por exemplo, o aluminio subiu máis dun 100% nos últimos 24 meses). Esta escalada xeralizada de prezos fai que, ao longo das tres últimas décadas, nunca fora tan caro vivir como hoxe.

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. Podemos sinalar, por exemplo, as consecuencias da pandemia, ao vivir un momento de incremento de demanda e escaseza de oferta de determinados bens por mor das paradas produtivas derivadas das medidas sanitarias. Aínda así, a súa prolongación non se explica só pola situación pandémica, da mesma maneira que tampouco se explica só pola situación bélica aínda que a agudice. É necesario sinalar tamén como factores relevantes a escaseza de materias primas, o aumento do custe enerxético, problemas de subministro a nivel mundial, a suba dos custes loxísticos, a desregulación dos mercados mundiais ou a inestabilidade política noutros eixos, como Taiwan-China ou Alxeria-Marrocos.

Esta situación prolongada ten importantes consecuencias económicas e sociais. A saber: perda de poder adquisitivo, distorsións do funcionamento da economía, perda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de valor do aforro, contaxio a outros bens e servizos, risco dun empobrecemento global de Galiza e do aumento das desigualdades na distribución da renda dentro da sociedade galega, maior presión fiscal encuberta, aumento do endebedamento público e privado, etc.

Finalmente, é necesario recordar que a suba de prezos dos diferentes bens e servizos está condicionada por decisións políticas (a nivel mundial, europeo, estatal e galego) e condiciona como se reparte a renda entre países e entre os segmentos sociais dentro de cada país (no noso caso a distribución interna da renda en Galiza).

A principal forma de combater a inflación é a política monetaria. Galiza nunca tivo competencias nesta materia e o estado español, desde a entrada no euro, tampouco. Porén, alén da política monetaria existen diferentes políticas, basicamente de carácter fiscal, que contribuirían a mitigar os efectos da inflación sobre a economía da poboación máis vulnerábel.

Este é un problema social e político de primeira orde e a Xunta de Galiza debe actuar impulsando medidas para frear os efectos da inflación desbocada sobre a sociedade e a economía galegas.

Por estes motivos formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que actuacións está a impulsar o goberno galego para frear os efectos da inflación desbocada sobre a sociedade e a economía de Galiza?
- . Cales considera o goberno galego que son as causas e consecuencias fundamentais deste fenómeno económico e o seu grao de intensidade no primeiro trimestre de 2022?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións está a levar a cabo para evitar unha ralentización na recuperación dos indicadores de crecemento macroeconómico?

. E para evitar o empobrecemento drástico da sociedade galega e o aumento de persoas en situación de pobreza?

. E para evitar distorsións na economía?

. Considera o goberno galego que a falta de maior capacidade política no ámbito económico e enerxético prexudica Galiza?

. Considera o goberno galego que é o momento de impulsar unha revisión da súa política fiscal antisocial?

. Como vai garantir que non se reduce o poder adquisitivo dos galegos e galegas?

. Como vai abordar a crise enerxética?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/03/2022 09:40:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/03/2022 09:40:51

Noa Presas Bergantiños na data 10/03/2022 09:41:02



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Dende hai aproximadamente un ano que comezou a nova adxudicataria a prestar o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada, son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias de toda Galicia polos problemas que está a dar o servizo debido a atrasos, reducións de frecuencias e horarios e mala comunicación, o que está a afectar moi negativamente a toda a cidadanía.

Esta situación prodúcese de maneira recorrente nos concellos da comarca do Barbanza, que asisten constantemente a cambios nos horarios ou supresión de frecuencias por vontade da empresa, sen motivo aparente, o que provoca un lóxico prexuízo na veciñanza que precisa desprazarse por motivos laborais, de estudos, de saúde ou de calquera outra índole.

Cambios no percorrido ou nos horarios, modificación de liñas necesarias que funcionaban correctamente e que non se comunican coa suficiente antelación... En definitiva, desaxustes que puideran ser lóxicos ao comezo da concesión, pero non case un ano despois de ter comezado o servizo.

Dende o comezo da prestación deste servizo foron numerosas as ocasións nas que os concellos do Barbanza lle trasladaron á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a necesidade de que se adoptaran as medidas necesarias para o correcto funcionamento deste servizo, tras ter detectadas numerosas deficiencias. Mais semella que o Goberno galego non está exercendo as súas obrigadas tarefas de supervisión e control do contrato de transportes porque practicamente nada mudou.

A veciñanza da Barbanza esixe unha solución inmediata a estes problemas, coa restitución das liñas suprimidas, e a solicitude dun incremento dos servizos que cubran as súas necesidades, tal e como debería ser acordado cos concellos.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Pensa o Goberno galego dar unha solución rápida aos numerosos problemas que está a padecer a veciñanza da comarca da Barbanza como consecuencia da mala planificación previa e do mal funcionamento actual do transporte interurbano de viaxeiros por estrada?

2ª) É consciente o Goberno galego de que a concesionaria do servizo de transportes está a facer cambios nos horarios e na frecuencia das rutas sen tratar previamente cos concellos da Barbanza e sen informar coa debida antelación ás persoas usuarias?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/03/2022 18:42:09

Patricia Otero Rodríguez na data 09/03/2022 18:42:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe impulsar o goberno galego para mitigar o impacto da escalada de prezos enerxéticos na sociedade e economía galegas no contexto de desfase da inflación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enerxía eléctrica é un ben elemental para o desenvolvemento das vidas persoais e dos ecosistemas económicos. Polo tanto, a evolución do prezo marca de forma profunda a súa situación. Desde hai máis dun ano Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofren unha escalada sen precedentes, provocada fundamentalmente pola especulación cos dereitos de emisión, pola crise do prezo e do acceso ao gas e por un mercado eléctrico estatal que ten mecanismos perversos de fixación de prezo que benefician ao lobby eléctrico sen control.

Para máis, neste inicio de 2022, Galiza sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas que xa se viña producindo durante o 2021 e que agora se ve agravada polas consecuencias da escalada bélica na Ucraína, cunha enorme repercusión no ámbito do gas e que pon de relevo a dependencia enerxética do ámbito europeo e a mala planificación da denominada transición enerxética.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que a inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. En situacións inflacionarias prodúcese unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñéceselle como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos mercar menos cousas e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

É necesario sinalar que se ben as dificultades no acceso á enerxía estaban consolidadas no noso país, froito do modelo económico e do modelo enerxético, a situación agrávase con esta conxuntura ao teren as capas máis vulnerábeis da sociedade menos capacidade de resistencia a esta situación. Por unha banda, polo seu prolongamento, que fai que cada vez máis fogares estean en dificultades. Por outra banda, porque o empobrecemento previo da sociedade deixa moitas persoas nunha situación extrema. Neste sentido, é necesario recordar que no mes de outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como que 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social (ARPE) no 2020, 38.389 máis que o ano anterior. Entre outros elementos sinalábase como o aumento das persoas en Privación Material Severa se explica tanto pola gravidade do impacto do COVID-19, que comeza a reflectirse nos datos, como polo crecemento dos gastos relacionados coa vivenda.

Este informe xa sinalaba como aumentara a porcentaxe de persoas que non poden manter a vivenda cunha temperatura axeitada aumentou tamén dende o 6% ata o 9,6%. O IGE sinala nos seus datos máis recentes, respecto do ano 2020, que 44.442 fogares galegos atópanse con carencia material severa. Esta incidencia calcúlase, entre outros parámetros, tendo en conta aqueles que non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo os datos da propia Xunta de Galiza, en 2021 as súas axudas complementarias do bono social estatal chegaron a 5.278 familias, que non sería nin o 12% dos fogares en carencia material severa, o que amosa as limitacións deste mecanismo e do propio bono social estatal.

A electricidade subiu no estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. Hoxe o barril de Brent (o de referencia en Europa) cotiza máis dun 60% máis caro que hai un ano. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 17,8 € agora (un 33,83% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros, os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos. Comprobámolo cada día na cesta da compra onde produtos como o aceite de oliva, encarecéronse un 30,1% no último ano). A alza de prezos tamén se notou moito en determinadas materias primas como o aceiro ou outros produtos de construción (por exemplo, o aluminio subiu máis dun 100% nos últimos 24 meses). Esta escalada xeralizada de prezos fai que, ao longo das tres últimas décadas, nunca fora tan caro vivir coma hoxe.

Esta situación prolongada ten importantes consecuencias económicas e sociais. A saber: perda de poder adquisitivo, distorsións do funcionamento da economía, perda de valor do aforro, contaxio a outros bens e servizos, risco dun empobrecemento global de Galiza e do aumento das desigualdades na distribución da renda dentro da sociedade galega, maior presión fiscal encuberta, aumento do endebedamento público e privado, etc. Ademais, agrava a crise industrial e da industria electrointensiva previamente existente, como amosa a parada produtiva de Megasa e Ferroatlántica.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, é necesario recordar que a suba de prezos dos diferentes bens e servizos, o enerxético é un claro exemplo, está condicionada por decisións políticas (a nivel mundial, europeo, estatal e galego) e condiciona como se reparte a renda entre países e entre os segmentos sociais dentro de cada país (no noso caso a distribución interna da renda en Galiza).

A decisión do goberno central de alongar ata verán as medidas de contención do prezo da luz son insuficientes, como amosa o feito de que continuase medrando nos primeiros meses do ano 2022 aínda antes de estalar a guerra en Ucraína. A comezos de marzo a Unión Europea e o propio Estado español verbalizaban diferentes posibilidades, aínda sen concretar.

Este é un problema social e político de primeira orde e a Xunta de Galiza debe actuar impulsando medidas para frear os efectos da inflación desbocada na enerxía sobre a sociedade e a economía galegas. Máis aínda nun país que segue a exportar enerxía eléctrica e liderar a produción de renovábeis, segundo o último avance de REE, sen que isto teña un correlato nunha maior accesibilidade a este servizo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que actuacións está a impulsar o goberno galego para frear os efectos da inflación desbocada no ámbito enerxético sobre a sociedade e a economía de Galiza?
- . Considera o goberno galego que a súa renuncia ao control público do sector enerxético fai que Galiza sufra hoxe con máis intensidade a volatilidade de prezos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións está a levar a cabo para evitar unha ralentización na recuperación dos indicadores de crecemento macroeconómico por mor dos custos enerxéticos?

. E para evitar o empobrecemento drástico da sociedade galega e o aumento de persoas en situación de pobreza que non poden acceder a un ben elemental como a enerxía?

. Considera o goberno galego que a falta de maior capacidade política no ámbito enerxético prexudica Galiza?

. Considera o goberno galego que é o momento de impulsar unha revisión da súa política enerxética por non redundar o noso papel de produtores no noso beneficio?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/03/2022 11:23:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/03/2022 11:23:47

Noa Presas Bergantiños na data 10/03/2022 11:23:55



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Recentemente, saíu publicada a situación que están a vivir as explotacións lácteas do noso país, cando as organizacións agrarias denuncian que o colectivo de gandeiros galegos cobra de media 35,9 céntimos de media por litro de leite, por debaixo da media española que é de 31,1 céntimos e á cola de todo o Estado.

Unha situación derivada dos problemas estruturais xerados durante 33 dos 40 anos de Goberno do PP dende a aprobación do Estatuto de autonomía, unha dereita que trata de trasladar as súas responsabilidades cara ao Goberno do Estado, poñendo o foco na nova Lei da cadea alimentaria que tivo que ser modificada polo actual Goberno ante as peticións das organizacións agrarias pola ineficacia da lei que aprobara o Partido Popular durante o seu goberno, primeiro foi modificada cun Real decreto en febreiro de 2020 que introduciu na lei a obrigatoriedade de que en cada operación de venda dentro da cadea, este repercutise nos custes de produción e agora na reforma lexislativa que acaba de aprobarse introduciu a prohibición da venda a perdas e establecer prácticas comerciais desleais, unha modificación que as propias organizacións agrarias cualificaron como moi positiva, pero que non debe quedar en papel mollado, poñendo en marcha os mecanismos necesarios dende as administracións autonómicas para facer que se cumpra o establecido na lei.

Nesa liña o Goberno de Castilla la Mancha puxo en marcha o Observatorio de Prezos da Cadea Alimentaria da rexión, na que están presentes representantes de todo o sector, dende os agricultores e os gandeiros, pasando pola distribución e ata os consumidores. Na súa primeira reunión fixeron a presentación dun estudio independente realizado pola universidade sobre os custes de produción do ovino, cabrún e vacún de leite na súa rexión e esperan que con este órgano se avance na transparencia da xeración de prezos da cadea alimentaria e permitan tomar decisións que beneficien a toda a cadea agroalimentaria.

A maiores dos problemas xerados pola suba das materias primas para as explotacións, en Galicia, os prezos que reciben os nosos gandeiros pola leite están por debaixo da media estatal, polo que debemos mirar para a nosa casa e



reverter unha situación que fai que os gandeiros galegos sexan os que menos cobran de España polo leite do seu gando.

Foi o propio PP o que presentou hai poucas datas unha iniciativa que pedía que a Xunta de Galicia adoptase as medidas que foran oportunas para favorecer os investimentos de industrias lácteas en produtos de maior valor engadido, mágoa que ademais desa transformación non aceptase a emenda presentada polo noso grupo para pedir que condicionaran todas as medidas de apoio ás industrias e que estas garantan uns contratos xustos para os produtores.

Dende o Goberno Galego tratan de confundir á opinión pública cando defenden que existe un incremento da rendibilidade dos nosos gandeiros e gandeiras do 7 %, unhas afirmacións con nesgo porque os ditos datos non son derivados de que as explotacións lácteas teñan un maior rendemento da súa produción, son única e exclusivamente porque producen máis cantidade de leite e a maior produción, maior facturación, pero non por iso maior beneficio por litro producido.

Fai falla unha política activa de estruturas e de ordenación do territorio que apoie o aumento da base territorial das explotacións con respecto ao abandono de terras e a limitación das plantacións de eucaliptos en terras agrarias, non só a declaración de intencións que figura nunha lei, xa que despois de décadas de goberno do PP, máis de dous terzos do territorio galego está en estado de abandono, con menos do 25 % do noso territorio de superficie agraria útil, mentres que España ten o dobre e cada ano en Galicia pechan de media 600 explotacións.

Temos comarcas enteiras desmanteladas e mentres tanto se invisten millóns de euros en construcións innecesarias como o Gaiás de Sergude, non existe un compromiso real, nin un obxectivo definido, para impulsar medidas políticas que fagan que Galicia ocupe o espazo que lle corresponde neste sector, recibimos inxentes cantidades de cartos da Unión Europea, preto de 1.600 millóns de euros de fondos europeos do PDR nos derradeiros 12 anos, sendo das 5 rexións de España que máis fondos recibiu, pero o desmantelamento dos instrumentos de apoio aos sectores agrarios produtivos foi total, dende centros de investigación de recoñecido prestixio internacional como o CIAM de Mabegondo ou o CIF de Lourizán, pasando polos centros de Formación Agraria ou a rede de oficinas de extensión agraria.

Galicia ten un peso na industria láctea que non é parello ao seu peso no sector produtor, dos 10 principais grupos lácteos de España, só hai 4 con presenza en Galicia (Lactalis, Capsa, TGT e Lactogal) e para atopar a primeira industria de



capital galego, hai que ir ao posto 16 do *ranking* para atopar a Leite Río, ese escenario de debilidade da industria láctea galega reflíctese no feito de que máis do 48 % do leite producido en Galicia marcha para fóra sen transformar.

O leite procesado en Galicia, dedícase nun 60 % ao seu envasado como leite líquido, o que en xeral achega menor valor engadido que a súa transformación noutros produtos lácteos. En Galicia as dúas factorías que ten Lactalis se dedican en exclusiva ao envasado de leite, cando o mesmo grupo no conxunto de España, dedica un 50 % do seu leite a envasado e bebidas e outro 50 % a produtos lácteos de maior valor engadido como queixos, iogures ou manteiga

En cifras globais, no conxunto de España, só o 32 % do leite envásase e outra porcentaxe idéntica do 32 % vai para queixos, mentres que a porcentaxe galega destinada a queixos é de só dun 15 % do leite.

O Goberno galego presentou o Plan estratéxico 2020–2025 con 125 medidas, nel din que queren pasar de transformar o 50 % do leite que producimos, a un 75 % nos próximos anos e din que para logralo apoiarán todos os proxectos industriais que se queiran desenvolver en Galicia, din que queren apostar polo apoio á investigación, á formación e ao asesoramento ao agro, pero a realidade é que levan 13 anos abandonando a formación e investigación pública, comprométese a fortalecer os servizos das 68 oficinas agrarias comarcais, que din que completarán cunha oficina móbil para pequenos concellos, pero a realidade é que a estiveron desmantelando

Os plans soportan todo pero o Plan estratéxico para o sector lácteo galego, que presentou a Xunta de Galicia, só terá credibilidade se as medidas que contempla van acompañadas de determinación no seu desenvolvemento e conteñen as ferramentas orzamentarias necesarias para levalas a cabo.

Unións Agrarias advertía que os gandeiros galegos levan perdido entre o 2020 e 2021 un 11,45 % dos seus ingresos polas subas nos custes de produción, mentres industrias como Capsa e Lactalis lucían un incremento de facturación dun 18 % e un 24 % respectivamente no mesmo período, grazas á revalorización do leite líquido nos lineais da distribución e debido á suba imparable dos derivados industriais como a graxa, con estes datos resulta imprescindible que a Administración galega estableza os mecanismos que fagan cumprir a lei da cadea, con algunhas empresas que teñen unha posición de privilexio para condicionar as cotizacións do leite en orixe, xa que no caso de Lactalis representan a un 18 % (uns 1.200 gandeiros) e no caso de Capsa a un 15 % (uns 1.000 gandeiros) do total dos 6.500 gandeiros que ten Galicia. Ambas empresas



no período de febreiro a outubro de 2021, melloraron os ingresos só en Galicia do entorno dos 22 millóns de euros, o que lles permitiría subir máis de 4 céntimos / litro aos produtores.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Pensa o Goberno galego poñer en marcha mecanismos como o Observatorio de Prezos para garantir o cumprimento da Lei da cadea e que os produtores cobren por encima dos custes de produción?

2ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para acabar co diferencial de prezos en orixe do leite con respecto á media estatal e outros territorios do Estado?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 09/03/2022 18:58:00

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/03/2022 18:58:15



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros advertida nos documentos con números de rexistro: 31993, 31994, 31995 e 31996.

No primeiro parágrafo, logo do encabezamento, onde di: “..., por debaixo da media española que é de 31,1 céntimos e á cola de todo o Estado.”

Debe dicir: “... por debaixo da media española que é de 37,1 céntimos e á cola de todo o Estado.”

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/03/2022 18:39:12

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/03/2022 18:39:26



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A emerxencia climática impón a necesidade de reducir drasticamente as emisións de CO2 da nosa economía.

As actuais políticas de transición ecolóxica céntranse na substitución tecnolóxicas na xeración de electricidade e na mobilidade, pero non podemos esquecer que fabricar estas tecnoloxías incrementará notablemente a demanda dalgúns metais coma o cobalto, indio e litio.

E temos que ser conscientes que este aumento das extraccións pode ter consecuencias sociais e ambientais e tamén nas reservas dalgúns minerais.

Por iso dende asociacións ecoloxistas coma Ecoloxistas en Acción, veñen reclamando medidas que avancen cara o aproveitamento dos metais secundarios a partir da recuperación e da reciclaxe.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, somos conscientes que levar a cabo unha extracción masiva de determinados minerais pode ter serios impactos socio-ambientais, e que neste momento en cumprimento das directrices de economía circular imposto pola Unión Europea adoptar medidas que impulsen a reciclaxe e aproveitamento de determinados obxectos da vida cotiá coma os teléfonos móbiles ou outros electrodomésticos pequenos, pode ter enormes beneficios xa non só medioambientalmente senón tamén económicos xa que na política de xestión de residuos, de prevención de residuos, de reciclaxe, ademais existe unha enorme oportunidade de crear emprego, de crear empresa ao afectar a xestión de residuos de maneira horizontal a tódolos sectores de actividade económica.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas ten previstas o Goberno galego para avanzar cara a recuperación e a reciclaxe dos metais secundarios?
2. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia impulsar medidas dirixidas a axudar a empresas que se dediquen á minería urbana?
3. Entende o goberno da Xunta de Galicia necesario avanzar cara o aproveitamento dos metais secundarios coma alternativa ao incremento da demanda de empresas extractoras no noso territorio?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/03/2022 11:54:40

Pablo Arangüena Fernández na data 10/03/2022 11:54:47

Patricia Otero Rodríguez na data 10/03/2022 11:54:57

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/03/2022 11:55:08



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

As asociacións de nais e pais agrupadas na Confederación ANPA galegas solicitaron a comezos deste mes de marzo unha xuntanza co secretario xeral técnico da Consellería de Educación, para abordar e insistir na situación de desigualdade que padecen os alumnos e alumnas de Bacharelato e FP que estudan nunha localidade diferente á da súa residencia.

Estes estudantes non teñen dereito a transporte escolar gratis, xa que estudan nunha etapa non obrigatoria e sofren así unha discriminación que afecta fundamentalmente ao alumnado das zonas rurais. As e os estudantes caso de que teñan a sorte de contar con transporte escolar na súa zona e de dispoñer de prazas libres poden collelo, pero se non se dá o caso, como acontece en moitas ocasións, teñen que coller e pagar autobuses interurbanos para poder desprazarse ao centro de ensino correspondente e sempre no caso de que existan esas conexións.

Tal e como veñen denunciando nais, pais, estudantes e a propia comunidade educativa, este problema de vertebración do territorio e do ensino que padecen dende hai moito tempo se está a agravar, especialmente para a mocidade rural e nomeadamente na provincia de Lugo para alumnas e alumnos de secundaria e de xeito moi grave na montaña ou na Terra Chá.

Neste contexto, as familias vense na obriga de ter que mandar ás nenas e nenos menores de idade que obviamente non poden contar con autonomía para desprazarse a vivir fóra, ben con familiares ou en residencias. A obriga do goberno da Xunta de Galicia é a de garantir que todas as nenas e nenos da comunidade teñan os mesmos servizos, oportunidades e condicións de igualdade, algo que non acontece e que á vista da situación nin sequera ten a ben atender.

É máis, os recortes no servizo de transporte escolar coa entrada en vigor do novo contrato con Monbús camiñan na dirección contraria, e amosan que non existe a máis mínima vontade de arranxar estas desigualdades. Esta eliminación de liñas e a modificación de traxectos e horarios está a afectar tanto ao ensino obrigatorio como ao alumnado de bacharelato e FP. Como é de sobra sabido, a grave crise



demográfica que sofre Galicia e que afecta fundamentalmente ao mundo rural, supón necesariamente a perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros educativos, incluso o peche dalgún deles, o que da lugar a situacións graves que deberían ser corrixidas e non afondar con decisións como o recorte e o desmantelamento de servizos como neste caso o transporte.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das desigualdades que sofren as e os estudantes galegos en materia de transporte escolar en función do lugar onde residan ou da etapa de ensino que estean a cursar e que no caso de FP e Bacharelato provoca que non teñan dereito sequera a transporte?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 10/03/2022 12:03:14

Patricia Otero Rodríguez na data 10/03/2022 12:03:22

Noa Susana Díaz Varela na data 10/03/2022 12:03:32



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe impulsar o goberno galego para mitigar o sobreimpacto nas mulleres galegas do medre disparado da inflación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As crises económicas agravan as desigualdades existentes nunha sociedade. Neste sentido, é innegable a necesidade de ter en conta o impacto de xénero de momentos coma o actual, no que a economía sofre unha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas que xa se viña producindo durante o 2021 e que agora se ve agravada no primeiro trimestre de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. En situacións inflacionarias prodúcese unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñéceselle como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos mercar menos cousas e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos.

Neste sentido, é necesario recordar como os informes e estudos da Rede Galega contra a pobreza alertan do factor de xénero no empobrecemento e de como, antes da irrupción da pandemia, a recuperación do cadro macroeconómico non se acompañaba do correlativo avance na corrección de desigualdades. Máis aínda, recentemente





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sinalábase desde a Rede que “A pesar de que aínda non contamos con todos os datos necesarios para medir o impacto real da COVID-19 nas mulleres, todo apunta a que a situación de desigualdade da que partiamos agudizouse: o desemprego creceu considerablemente, seguen asumindo a maior parte da responsabilidade do coidado da familia, seguen tendo un salario inferior, seguen aforrando menos e tendo traballos moito menos seguros, cun maior impacto da fiscalidade nas mulleres polos seus salarios máis baixos.”

Así mesmo, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, a taxa de risco de pobreza da muller ten aumentado nos últimos anos, empeorando significativamente en 2020, cun aumento do 1,25%. Esta situación, ademais, afecta de forma especialmente incisiva tanto ás máis maiores, que superan os 65 anos, como ás máis novas, abondando na precarización da mocidade.

Atendendo á tendencia sinalada polo último informe do Foro Económico de Galiza, de decembro de 2021, podemos constatar tamén o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes).

A maiores, é necesario recordar a permanencia da chamada fenda salarial por razóns de xénero. En Galiza temos hoxe, con datos respecto do ano 2020, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros. O salario medio galego sitúase en 19.900€ e os salarios femininos están aínda un 10,95% por debaixo da media galega malia que a crise financeira tivo un efecto degradador dos salarios masculinos reducindo a fenda (non por avanzar en igualdade das mulleres senón pola precarización do mercado laboral e a súa afectación tamén ao colectivo masculino).



En síntese, a día de hoxe existe consenso arredor da evidencia de como a crise da covid-19 está impactando economicamente de maneira moi destacada ás mulleres, nomeadamente por mor do seu papel destacado en profesións especialmente precarizadas e/ou afectadas pola crise. No mesmo sentido, a inflación disparada que estamos a vivir agrava as desigualdades e afecta máis ás mulleres, empeorando as súas condicións de vida e as súas perspectivas socioeconómicas.

Nestes momentos o estudo da afectación singular ás mulleres está aínda pouco desenvolvido, amosando unha vez máis o nesgo de xénero dos ámbitos económicos, académicos e institucionais. Aínda así, xa se comeza a falar de “she-flaction”.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que actuacións está a desenvolver o goberno galego para mitigar os efectos da inflación no agravamento das fendas de xénero e nas mulleres galegas?
- . Que estudos ou monitorización están a desenvolver o goberno galego para fiscalizar o que xa se comeza a chamar “she-flaction”?
- . Que actuacións desenvolve a Xunta de Galiza para impedir que a crise da covid-19 supoña un empeoramento das condicións económicas das mulleres galegas?
- . Considera o goberno galego que as súas políticas económicas incorporan adecuadamente unha perspectiva de xénero e de redistribución da riqueza?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/03/2022 13:00:57

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/03/2022 13:01:01

Olalla Rodil Fernández na data 10/03/2022 13:01:09

Noa Presas Bergantiños na data 10/03/2022 13:01:17



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Teñen transcorridos 10 anos dende a aprobación da Lei do 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia; unha lei que no seu articulado mandata a Xunta de Galicia a elaborar un Plan Xeral de Instalacións e Equipamentos Deportivos de Galicia do que deberá informarse ao Parlamento de Galicia.

O Plan Xeral de Instalacións e Equipamentos Deportivos de Galicia, no que as entidades locais, clubs e federacións deportivas deben ser axentes activos de consulta e colaboración, debería ser revisado cada cinco anos a fin de conseguir súa actualización e adaptación as necesidades deportivas, algo realmente imposible dado que o devandito plan aínda non foi elaborado.

Un plan que tería como obxecto determinar os criterios xerais de actuación e a situación xeográfica das instalacións e equipamentos deportivos de interese xeral coa finalidade de identificar as necesidades de demanda de infraestruturas deportivas nos concellos e comarcas galegas e, en consecuencia, planificar e ordenar axeitadamente a construción de instalacións deportivas que permitan a universalidade da práctica da actividade física e do deporte, en tanto que actividade esencial e como o dereito de toda a cidadanía galega.

A realidade é que 10 anos despois da aprobación da Lei do deporte o Plan Xeral de Infraestruturas e Equipamentos Deportivos é inexistente.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o goberno da Xunta de Galicia a elaborar un Plan Xeral de Instalacións e Equipamentos Deportivos, tal como mandata a Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia? No seu caso, en que prazo?



2. Cales son as razóns que impediron a súa elaboración dez anos despois de aprobada a Lei do deporte de Galicia?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/03/2022 13:31:53

Paloma Castro Rey na data 10/03/2022 13:32:01

Pablo Arangüena Fernández na data 10/03/2022 13:32:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao abeiro da transición enerxética e da liberalización do sector estase a producir en Galiza unha auténtica febre de proxectos de implantación de enerxías renovábeis. O que debería ser unha oportunidade para a democratización e socialización dun ben básico como a enerxía, converteuse nunha aloucada carreira que marxina os intereses colectivos e do noso país, reborda as capacidades do territorio e colapsa os servizos da administración.

Á par do boom eólico están comezando a tramitarse proxectos de instalación de plantas solares fotovoltaicas, con diferentes dimensións e ubicación. Algunhas delas están a ser promovidas en terreos de monte comunal, con previsión de ocupación de centos de hectáreas.

Se ben a enerxía solar fotovoltaica pode ser unha boa alternativa para a transformación do sistema enerxético cara a fontes renovábeis, débese ter en conta tamén as afeccións sobre o territorio e sobre o solo. A este respecto hai que ter en conta as advertencias da FAO en relación cos impactos negativos do selado do solo ou “Cobertura permanente da superficie do solo con material artificial impermeábel”:

-Perda non reversíbel do solo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Perdas na produción de alimentos.
- Perda significativa ou potencial de retención de auga no solo.
- Redución da capacidade de secuestro de carbono.

O pasado 28 de abril de 2021 o Parlamento europeo aprobou a Resolución 2021/2548 sobre a protección do solo, coa que se pretende fomentar o uso sostíbel e a multifuncionalidade do solo como provedor de alimentos, sumidoiro de CO₂, produción de biomasa, reserva de biodiversidade, prevención de inundacións e sequías, prevención de incendios, fonte de materias primas, recursos xenéticos e farmacéuticos, ciclo da auga e dos nutrientes, depositario do patrimonio xeolóxico e arqueolóxico... Esta resolución enlaza cos programas e estratexias europeas sobre clima e biodiversidade e demanda que a Comisión Europea deseñe un marco xurídico común a escala da UE para a protección e o uso sostíbel dos solos.

A UE despregou unha ampla batería de iniciativas en relación co clima, a biodiversidade e a protección dos solos e da auga, algunhas das cales poden ser contraditorias cos plans de enerxía e clima e con determinadas liñas de actuación do chamado Pacto Verde Europeo e do Green Deal, claramente orientadas cara a especulación, a ocupación intensiva e a explotación produtivista de determinados recursos naturais e territorios.

Pola diversidade e riqueza dos seus recursos naturais, Galiza está no punto de mira de numerosos proxectos de explotación de enerxías renovábeis. E tanto o goberno galego como o goberno central deseñaron unha auténtica barra libre para a implantación destes proxectos, sen ter en conta as necesidades das comunidades locais, os límites medioambientais, os servizos ecosistémicos e os intereses xerais do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda que a lexislación ambiental e de protección da biodiversidade consagra “a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística” e “a precaución nas intervencións que poidan afectar o patrimonio natural ou a biodiversidade”, a realidade é que prevalecen outros criterios e outros intereses.

No caso das enerxías renovábeis, o actual proceso de transformación debería constituír unha oportunidade para desenvolver un modelo alternativo, centrado no país, sustentábel, social, xusto e democrático.

No que atinxe á enerxía solar fotovoltaica, debe evitarse a proliferación descontrolada de proxectos, así como a ocupación de grandes superficies de solo que xa ten outros usos. Pola contra, debe primarse a utilización de cubertas de edificios residenciais, equipamentos públicos, instalacións deportivas, naves empresariais, granxas, etc.

E deben tamén priorizarse e primarse os proxectos de escala local e de proximidade, de enerxía distribuída, fomentando o autoabastecemento, o autoconsumo e as comunidades enerxéticas locais.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera o goberno galego necesario ordenar o desenvolvemento da enerxía solar fotovoltaica?

. Cre o goberno galego no interese de priorizar o desenvolvemento das instalacións solares fotovoltaicas protexendo o solo e primando e priorizando o emprazamento en cubertas de edificacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas ten previsto fomentar a Xunta para favorecer a socialización e democratización da produción, distribución e consumo de enerxía en xeral e, singularmente, da enerxía solar fotovoltaica?

. Ten previsto o goberno galego crear un mecanismo de información pública permanente, dixital e con información suficiente, que permita un fácil acceso da veciñanza e axentes interesados á información sobre a ubicación, dimensións e características dos proxectos de enerxía solar fotovoltaica de competencia autonómica?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/03/2022 13:30:49

Xosé Luis Bará Torres na data 10/03/2022 13:30:51



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O comité de XEAL acaba de denunciar a decisión da dirección empresarial de parar o forno 14, o único que estaba operativo en Cee, sen comunicarllo á representación do persoal e sen achegar ningunha data prevista para volver arrancar a produción.

Esta medida agrava o desmantelamento progresivo que as fábricas de ferroaleaxes están sufrindo dende hai máis de dous anos cando a empresa foi vendida ao fondo TPG *Sixth Street Partners*. Mentres isto sucede o cadro de persoal leva esperando dous anos por coñecer o Plan de viabilidade que necesariamente presentou XEAL ante a Administración e que debe garantir a continuidade da actividade industrial e os postos de traballo existentes nas fábricas, cuns investimentos necesarios que garantan a produción, unha ocultación que podería supor que XEAL estea centrando o seu futuro na explotación dos recursos enerxéticos, cun deterioro paulatino das fábricas e amortizando man de obra.

A venda da empresa converteu as fábricas de Cee e Dumbría nunha *maquila* do grupo FerroGlobe, supeditando as capacidades e futuro das instalacións ás decisións da vendedora, un acordo que pese á petición do comité de empresa manteñen en segredo as empresas e a propia Xunta de Galicia.

A decisión de suspender a produción no forno 14 prodúcese ademais nun momento no que o custe da electricidade acada prezos históricos derivados da guerra en Ucraína, que superan os máximos marcados nos últimos meses. É dicir, XEAL paraliza a fabricación nos fornos mentres obtén beneficios millonarios grazas á produción de electricidade xerada nas centrais hidroeléctricas.

Ademais da situación das fábricas e o emprego, a empresa tamén atacou aos dereitos laborais e salariais do persoal, deixando sen aplicación o convenio colectivo propio derivado da aplicación da reforma laboral de Mariano Rajoy e a eliminación da ultractividade, aínda que cunha aplicación máis que cuestionable xuridicamente, roubándolle aos traballadores e ás traballadoras os seus dereitos consolidados. Esperemos que coa nova reforma laboral do Goberno progresista



que recupera a ultractividade, a situación laboral e salarial volva a establecer eses dereitos.

E non só iso, o Comité de Empresa denuncia que XEAL aplica prácticas represivas despedindo persoal de maneira arbitraria e atacando a liberdade sindical e os dereitos de representación do persoal ao despedir un traballador membro do comité de empresa polo simple feito de testemuñar a favor dunha traballadora vítima de acoso. Cunha inexplicable complicidade da dirección da empresa co condenado por acoso, que segue no seu posto de traballo como se nada acontecese e sen que se lle abra un expediente.

A Xunta de Galicia non pode seguir mirando para outro lado e debe garantir o mantemento dos postos de traballo e a actividade das ferroaleacións segundo o establecido na sentenza do TSXG de novembro de 2020 que di que a condición de non segregación das actividades fixouse para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida como é a Costa da Morte e, polo tanto, a Xunta de Galicia debería fixar uns criterios de cumprimento desa condición establecida por sentenza xudicial.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego establecer os criterios de emprego e actividade industrial para o cumprimento da sentenza do TSXG do 20 de novembro de 2020 que di que a condición de non segregación das actividades enerxéticas e de ferroaleacións fixouse para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida como é a Costa da Morte?

2ª) Vai o Goberno galego facilitarlle ao Comité de Empresa as condicións nas que se produciu a venda da empresa e da situación industrial na que se atopan as plantas de Cee/Dumbría, van facilitarlles o Plan de viabilidade presentado?

3ª) Ten previsto o Goberno galego dirixirse á Inspección de Traballo para que abra algunha investigación polo despido que sufriu un traballador, membro de comité de empresa, despois de participar como testemuña de dúas traballadoras que denunciaban un caso de acoso que gañaron xudicialmente e por que a empresa mantén sospeitosamente nese posto de traballo ao acusador?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2022





Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 09/03/2022 18:51:47

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/03/2022 18:52:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilalba é un dos concellos máis grandes de Lugo, conta cunha poboación en torno aos 14.000 habitantes dos cales máis de 500 son nenas e nenos. Como a maioría dos concellos galegos vén perdendo poboación de modo continuado.

Leva varios anos sen atención pediátrica especializada pola non cobertura das prazas de Pediatra, quedando esta atención en mans de médicas de familia co correspondente curso de puericultura.

Á súa vez o concello de Abadín cunha grande superficie tamén conta con aproximadamente uns 2.500 habitantes e deles máis de 100 son crianzas.

Nin que dicir ten que a merma de asistencia sanitaria preocupa sobremaneira á poboación de ambos concellos, nais e pais que queren para as súas fillas e fillos a máis completa atención sanitaria e coa maior calidade posible.

Consideramos que é imprescindible que o Centro de Saúde de Vilalba conte como mínimo coas dúas prazas de especialista en Pediatría cubertas, para poder darlle á poboación infantil asistencia sanitaria da máis alta cualificación.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, a Abadín desprázase unha das profesionais existentes 2hs, durante 1 día á semana, que por suposto tanto as nais e pais como o BNG consideramos absolutamente insuficiente e motiva que estas criaturas teñan que viaxar a Vilalba se precisan atención outro día da semana.

Facilitar uns servizos tan básicos como a atención pediátrica completa, tanto no seguimento da saúde como na enfermidade é fundamental para que as parellas se queden a habitar nestes 2 concellos desfrutando dun servizo sanitario público e da máxima calidade, pero tamén de proximidade, que facilite a súa conciliación familiar, entre outras cousas.

Do contrario o máis probable é que, debido a isto, e a outro sen número de dificultades que atoparán ao longo da crianza dos seus fillos nas áreas rurais, acaben mudándose cara poboacións que contén con servizos públicos, amplos, gratuítos e que os fagan estar en igualdade de condicións a eles e ás súas crianzas co resto de cidadáns das zonas máis urbanas.

É mal costume acomodarse na resposta de que non hai profesionais, hai anos que se coñecía o risco de que Vilalba e a súa contorna quedara sen atención Especializada en Pediatría, polo tanto o que hai que facer é poñerlle remedio, porque a poboación ten dereito a recibir esta atención sen ter que acudir á privada, para conseguir a tranquilidade de saber atendidas as necesidades sanitarias das súas criaturas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Consellería de Sanidade cubrir as prazas de Pediatría do Centro de Saúde de Vilalba con persoal Especializado mellorando así a calidade asistencial que se veu deteriorando dende hai anos?

. Que medidas ten tomado a Xerencia da Eoxi de Lugo, Cervo, Monforte para conseguir profesionais especialistas para a cobertura destas prazas?

. Que medidas vai tomar a partires de agora para reforzar a atención pediátrica en Abadín?

. Son conscientes de que os nenos dos concellos que non contan con pediatría especializada parten en desvantaxe a respecto dos que si a disfrutan?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/03/2022 16:52:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/03/2022 16:52:50

María del Carmen Aira Díaz na data 10/03/2022 16:52:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Covid 19, a seca, a extorsión das eléctricas, os combustibles e agora a agresión e conflito en Ucraína, colocan o abastecemento e prezos dos insumos para a ganaría en xeral, nunha carestía, especulación e prezos que a poñen contra as cordas.

Argumentar con cantidades e prezos este abastecemento, a día de hoxe, resulta absurdo debido á volatilidade dos mesmos.

O que non é absurdo é reflexionar sobre das debilidades do sistema produtivo dependente da ganaría intensiva de toda clase e a escasa SAU complementaria das esixencias alimenticias desa cabana.

A actual carreira contra o tempo para conseguir insumos procedentes doutros provedores non habituais plantexa dificultades e miserias propias do mercado internacional: especulación, calidades, velocidade... E mentres, as “reservas” son escasas e sofren tamén da especulación propia (acumulación, ocultación...).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de Ucraína, o dano recibido pola poboación e infraestruturas, a posible prolongación e enquistamento do conflito, non van ser, por desgraza, remediáveis a curto prazo. E pola contra, a demanda a nivel europeo está sendo brutal. Todo isto sen contar que Rusia tamén figuraba coma provedor de certas partidas de cereais.

É o segundo aviso en pouco tempo sobre a importancia do rural para este noso país e da necesidade de incrementar significativamente a porcentaxe do 21% de SAU no camiño dunha soberanía alimentaria aceptable.

Desta vez a situación de dependencia e de colapso da nosa gandaría de leite e en maior medida da porcina e avícola é cada vez máis real. Son horas, pois, de tomar medidas estruturais ademais das paliativas para o inmediato. En fin, hora de recuperar o tempo perdido e poñer en práctica as medidas que activen o rural, os cultivos cerealistas nas zonas abandonadas e de recupera-la superficie agrogandeira forestada ilegalmente coa complicidade do chamado goberno galego.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que medidas tomou o goberno galego para facer fronte á carestía e desabastecemento de insumos e ao posible colapso da gandaría ?

-Que medidas pensa tomar a longo prazo para blindar a nosa riqueza gandeira e a súa dependencia dos insumos externos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente o goberno galego de que poñer remedio a esta situación de maneira seria e efectiva conleva un esforzo gubernamental e social considerable?

-Pensa facelo?

-Como?

-Con que medios?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 10/03/2022 17:08:19

María del Carmen Aira Díaz na data 10/03/2022 17:08:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/03/2022 17:08:50





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a conexión da autoestrada AG-31 ate a fronteira portuguesa pola Madalena (Lobios).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de 9 anos e tras soportar o atraso habitual nas infraestruturas en Ourense, entrou en funcionamento a autovía AG-31, nalgún momento denominada A Mezquita -Fronteira Portuguesa, mais que só chega ate Celanova. Xa no seu momento varios alcaldes e alcaldesas da comarca da Baixa Limia demandaban o remate e conclusión da infraestrutura viaria ate a fronteira con Portugal. A pesares do tempo transcorrido non consta avance algún no proxecto.

Recentemente o Pleno do Concello de Verea ven de aprobar, por unanimidade, unha moción na que se reclama á Xunta de Galiza que dea continuidade á Autovía de Celanova (AG-31) ATÉ A FRONTEIRA DE A MADALENA (Lobios).

A infraestrutura, tamén reclamada por asociacións de comerciantes e empresarios/as da propia cidade de Ourense, permitiría a conexión co núcleo de poboación tan importantes como Porto ou Braga, reforzando a posición xeoestratéxica de Ourense e Galiza e a relación económica, comercial e social con Norte de Portugal.

O na altura anunciado proxecto viario de comunicación de Galiza co Norte de Portugal ficou aparcado pola Xunta de Galiza por mor da crise económica sen que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consta a existencia de actuación posterior algunha para a tan necesaria vertebración territorial da eurorexión, polo que semella que a situación económica simplemente era unha desculpa para aprazar, máis unha vez, a realización dos necesarios investimentos para o desenvolvemento do rural ourensán.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que actuacións realizou a Xunta de Galiza dende 2011 ate a actualidade para dar continuidade a autoestrada AG-31 ate a fronteira portuguesa?

. Aprobou algún proxecto con tal finalidade?

. Ten previsto a Xunta de Galiza a prolongación da autoestrada AG-31 ou a construción dunha vía de alta capacidade para mellorar e axilizar o tránsito entre Celanova e a Fronteira Portuguesa?

. No seu caso, en que consiste tal proxecto e cal é o prazo para a súa execución?

. Contempla no trazado do eventual proxecto manter as travesías actualmente existentes?

. Contemplou a Xunta de Galiza a realización dunha infraestrutura viaria que facilite a conexión entre a OU-540 e Xinzo da Limia?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/03/2022 17:23:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/03/2022 17:23:56



A LA MESA DEL PARLAMENTO DE GALICIA

D^aBEATRIZ PINO OCAMPO mayor de edad, provista de DNI coordinadora de **CIUDADANOS GALICIA** (CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA), y correo electrónico a efectos de notificaciones galicia.accion.institucional@ciudadanos-cs.org, con CIF G64283310, inscrito en el Registro de Partidos Políticos con fecha de 1 de junio de 2006 (Tomo V, folio 512 del Libro de Inscripciones), que al amparo de lo establecido en el artículo 17 de la Ley 7/2015, de 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular y participación ciudadana en el Parlamento de Galicia, formula la siguiente **PREGUNTA AL PARLAMENTO DE GALICIA** para ser formulada a la Xunta de Galicia:

PARA MEJORAR LAS CONDICIONES LABORALES DE LAS PERSONAS TRABAJADORAS EN LAS RESIDENCIAS DE MAYORES PRIVADAS Y EN LOS CENTROS DE DÍA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El artículo 25 de la Ley 13/2008 de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia, en cuyo encabezado contempla la estabilidad laboral y calidad del empleo de las personas profesionales de los servicio sociales y políticas de igualdad, establece :

1. Las administraciones públicas promoverán la calidad en el empleo y la estabilidad laboral de las personas profesionales de servicios sociales, evitando situaciones de precariedad, como medio de lograr la calidad y permanencia de la oferta pública de servicios sociales.

2. *A tal efecto, se considerará la estabilidad del empleo de las personas profesionales de servicios sociales como criterio evaluable en el acceso a la financiación pública por parte de las entidades prestadoras de servicios sociales. Igualmente, será criterio evaluable la adopción de medidas a favor de la efectividad del principio de igualdad en los términos establecidos en la normativa reguladora del trabajo en igualdad de las mujeres de Galicia.*



El incremento de los costes de personal comporta necesariamente el incremento proporcional de los precios públicos de los servicios sociales, y algunas CCAA (como Cantabria) han tomado medidas para asegurar la viabilidad del sistema público de servicios sociales y de atención a la dependencia, estableciendo por ley que la actualización de los precios públicos de los servicios y prestaciones sociales deberán adecuarse proporcionalmente al nuevo coste real por día.

La Comunidad Autónoma de Galicia tiene las competencias suficientes para luchar contra la precariedad laboral de los profesionales del sector de servicios sociales, siendo además su obligación de intervenir por mandato legal del artículo 25 de la Ley 13/2008 de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia.


Cs Galicia RUEGA AL PARLAMENTO DE GALICIA FORMULAR A LA XUNTA DE GALICIA la siguiente

PREGUNTA:

¿Qué medidas va a tomar la Xunta de Galicia para mejorar las condiciones laborales de los trabajadores y trabajadoras de las residencias mayores privadas, de los centros de día y en general de los profesionales de los servicios sociales gallegos en cumplimiento del artículo 25 de la Ley 13/2008 de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia?

En Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2022.





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-CHKWPQb08-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

